



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de AGOSTO de 2024

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D^a. M.^a Carmen Silva Rego

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a Elena Espinosa Mangana

D^a M^a José Caride Estévez

D^a. Ana María Mejías Sacaluga

D. Angel Rivas González

D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Yolanda Aguiar Castro

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día nove de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Villán Fuertes (Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal do 2/08/2024), e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(612).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta extraordinaria e urxente do 31 de xullo e a da sesión ordinaria do 2 de agosto de 2024 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(613).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO “PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”. EXPTE. 12850/224.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 01/08/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade” (12850-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade” (12850-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 29 de abril de 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 20 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado nesa mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 37.800,00 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade e do orzamento futuro do exercicio 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, desglosado do seguinte xeito: 12.600 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, e 25.200 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de xullo de 2024, de ACADEMIA TRINIDAD, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación ao abeiro do apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP que establece que "De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50 % para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio "proxecto técnico de actividades", de tal forma que unha puntuación inferior ao 50 % resultará excluínte do proceso".

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade" (12850-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	FOROX INNOVACION, S.L.	92,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACION, S.L., o día 11 de xullo de 2024, que presenta a documentación

requirida o 26 de xullo de 2024, dentro do prazo concedido e o 1 de agosto de 2024, fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos e o apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (37.800,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (37.800,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5E/F do Anexo I -FEC- do PCAP, figurando no expediente informe do servizo xestor de data 31 de xullo de 2024 e asinado pola xefa do Servizo de Igualdade
- Xustificante de ingreso da garantía por un importe (cada un) de 1.890,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a TGSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FOROX INNOVACION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FOROX INNOVACION, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 8 de xullo de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de xullo de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de xullo de 2024, de ACADEMIA TRINIDAD, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación ao abeiro do apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP que establece que “De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50 % para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio “proxecto técnico de actividades”, de tal forma que unha puntuación inferior ao 50 % resultará excluínte do proceso

Segundo.- Adxudicar a FOROX INNOVACION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade” (12850-224) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 37.800,00 euros, IVE exento.*
- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é de 6,35 %.*
- c) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao contrato, a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, en:*
 - *Profesional 1: 110 horas*
 - *Profesional 2: 110 horas*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(614).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), PARA O ANO 2024. EXPTE. 98143/332.

Visto o informe de fiscalización de data 01/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2024, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) achegou con data de 10 de xullo de 2024 a través do Rexistro electrónico do Concello (**Código Solicitud W1134555-33 e n.º de doc. 240218049**) unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2024 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coadxuvar o financiamento dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuír ao financiamento da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2024.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 05/07/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 05/07/2024.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 05/07/2024.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2024.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado polo complicado contexto socio-económico, os altos niveis de inflación e crise dos mercados que provoca a xeneralizada alza dos prezos e da bolsa da compra; moitas familias se empobrecen polo que resulta básico acceder á promoción dunha alimentación sana e equilibrada e á adquisición duns

hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén resulta primordial acceder á realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

2.- Procedemento de concesión directa: Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de **642.405,31** euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.0001 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor" que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das bases reguladoras e convocatoria específica (publicada BOPPO nº 93 do 13-05-2024) para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as ANPAs legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPAS sendo esta última a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2024, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

3.- Competencia: A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei de Galicia 5/1997), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAS implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe

entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrépanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2024.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de vinte anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W1134555-33 en data 10/07/2024 e co nº de doc. 240218049** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuvar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2024. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuosos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil "O Nogal" (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

5.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

6.- Publicidade: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS (Resolución 15/xuño/2020 publicada no BOE nº 175 o mércores 24/xuño/2020) no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, da concelleira da Área de Goberno de Educación e do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2024**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo

de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2024.

2º.- Autorizar o gasto de **642.405,31 euros (SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2024.

3º.- Facultar á concelleira delegada de Educación, Dna. M^a Olga Alonso Suárez, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2024”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e catro

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Rúa da Nogueira nº 8, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. **98143/332**.*

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademáis de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2024, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **642.405,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS). O

financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor” que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- *Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAs e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2024.*

VI.- *Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 98143/332.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- *A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxerencias e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAs de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.

4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.

5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.

6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.

7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.

8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **642.405,31 euros (SEISCENTOS COARENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **221.202,65 euros** antes do 30 de setembro.
- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **221.202,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAs e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal "O Nogal" (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realízase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Cuarto.- *A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.*

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAs asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.590.132,00 euros (101.500,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

554.100,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 1.934.532,00 euros dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Sexto.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.

Noveno.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Décimo primeiro.- O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo segundo.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira Delegada de Educación.

En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2024, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e/ou aulas madrugada ou obradoiros matinais, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo cuarto.- A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétimo.- Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2024”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de

conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(615).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO -2024. EXPTE. 20791/77.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira de Área e polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

- Bases e convocatoria de subvencións para desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/05/2024

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 10/05/2024, aprobáronse as “Bases e convocatoria de subvencións para desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego. Exdte. 20791-77”.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 98, do 21 de maio de 2024, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOPPO no seu número 101 de data 24 de maio, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOPPO (25/05/2024 ao 07/06/2024, da que resultou a presentación de unha (1) solicitude.

As bases da convocatoria de subvencións destinadas desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego establecen o financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio orzamentario (2024) é de 31.000 € (trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800013 “Foros de Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

II. En data 11/06/2024 a Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, conforme ao establecido na base undécima no seu apartado 4, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral
Vogal 2	Sonia M ^a Martínez Alonso	Técnica de emprego
Suplente 1	André Otero Medraño	Técnico de xestión

III. Mediante Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 procedeuse á modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027), nomeando quinta tenente de alcalde e concelleira da área de goberno de emprego, patrimonio, participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas a dona Ana María Mejías Sacaluga.

IV. A Comisión de Valoración procedeu á avaliación das solicitudes, a distribución das axuda, do cal queda constancia, na acta incorporada ao expediente de data 01/07/2024, cuxo contido se transcribe literalmente:

"1. ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 10/05/2024, aprobáronse as “BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA DESARROLLO DE CONGRESOS, JORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS O FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO Exdte. 20791/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 98, do 21 de maio de 2024, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOPPO no seu número

101 de data 24 de maio, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrência de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOPPO (25/05/2024 ao 07/06/2024, da que resultou a presentación de unha (1) solicitude.

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Data Rex.
1	20947-77	240167333	G27848738	FUNDACIÓN MENTOR	04/06/2024

2. SOLICITUDES ADMITIDAS

Atendendo ao establecido na Base 10ª da convocatoria, se verifica o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidade beneficiaria das subvencións.

Á vista da documentación que consta no expediente, despréndese que a entidade beneficiaria cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade
1	20947-77	240167333	G27848738	FUNDACIÓN MENTOR

2. Avaliación das solicitudes

Logo da aplicación dos criterios de valoración dos proxectos establecidos nas base 9ª da convocatoria, a puntuación total obtida pola entidade é a que se expón a continuación:

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Puntuación
1	20947-77	240167333	G27848738	FUNDACIÓN MENTOR	69 puntos

3. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA DAS AXUDAS:

O importe das axudas se determina proporcionalmente en función da puntuación obtida na fase de avaliación, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible:

1.- Calidade do proxecto (máximo 74 puntos):

Alcance, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):

Perfil internacional:	10 puntos
Perfil nacional:	8 puntos
Perfil autonómico:	6 puntos
Perfil local:	4 puntos

Duración, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito discontinuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizarase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):

Evento de 3 xornadas ou máis:	8 puntos
Evento de 2 xornadas:	5 puntos
Evento dunha xornada:	3 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Relación de poñentes (máximo 16 puntos):

Número de poñentes internacionais:
Máis de 3 poñentes: 10 puntos
De 1 a 3 poñentes: 8 puntos

Número de poñentes nacionais:
Máis de 3 poñentes: 6 puntos
De 1 a 3 poñentes: 5 puntos

Colaboración con outras entidades públicas ou privadas para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):

Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: 10 puntos
Colaboración con 1 o máis entidades públicas: 8 puntos
Colaboración con 1 ou máis entidades privadas: 5 puntos

Actividades complementarias (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)

Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.

Fomento do voluntariado no evento: 2 puntos.

Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade: 2 puntos.

Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands e realización de actividades de información e asesoramento (máximo 16 puntos):

Entidades Internacionais:
Máis de 3 entidades internacionais: 10 puntos
De 1 a 3 entidades internacionais: 8 puntos

Entidades Nacionais:
Máis de 3 entidades nacionais: 6 puntos
De 1 a 3 entidades nacionais: 5 puntos

2.- Experiencia e antigüidade, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):

Máis de 3 edicións : 10 puntos
Entre 2 e 3 edicións : 8 puntos
Primera edición: 4 puntos

3.- Número de asistentes previstos, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

Máis de 501 asistentes: 10 puntos
Entre 251 e 500 asistentes: 8 puntos
Entre 101 e 250 asistentes: 6 puntos
Entre 51 e 100 asistentes: 4 puntos
Inferior a 50 asistentes: 2 puntos

4.- Achega de recursos propios para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

Achega dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.

Achega dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.

Achega dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

Puntos	Importe máximo subvención
91-100	12.000 €
81-90	10.000 €
61-80	8.000 €
45-60	6.000 €
31-44	5.000 €
21-30	2.500 €
15-20	1.500 €

Unha vez avaliada a solicitude presentada, a continuación se detalla a cantidade solicitada e concedida, segundo a aplicación dos criterios anteriormente descritos, así como a porcentaxe da axuda concedida.

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Total solicitado	Total resolución	% axuda
1	20947-77	240167333	G27848738	FUNDACIÓN MENTOR	8.000€	8.000€	100%

Achéganse á presente acta, os documentos que se relacionan deseguido:

ANEXO I: Ficha baremo da entidade FUNDACIÓN MENTOR

Non habendo mais asuntos que tratar, asínase a presente acta polos membros da Comisión de Valoración, na data de sinatura dixital”

...”

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO NAS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, ANO 2023

Conforme a Base 11.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, remitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento.

ÓRGANO COMPETENTE

A Resolución da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención.

Por outra banda, o art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "*o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*".

Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coa base reguladora 11 apartado 6º da presente convocatoria, se formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 21.4 da LSG, á entidade que, de seguido, se relaciona, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800013 "Foros de Emprego" do vixente exercicio presupostario, por importe de 8.000 € (oito mil euros):

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Total resolución
1	20947-77	240167333	G27848738	FUNDACIÓN MENTOR	8.000€

SEGUNDO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) a subvención concedida, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo ao/a interesado/a, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(616).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 13019/224.

Visto o informe xurídico de data 02/08/2024 e o informe de fiscalización de data 06/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste e contrato consiste en deseñar, xestionar e executar o “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”.

O programa EnlazaVigo contra a violencia de xénero consiste na posta en marcha dun conxunto de actividades de sensibilización e de formación sobre a violencia de xénero co obxecto de previla, dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional dos centros de ensino da cidade de Vigo. O Servizo de Igualdade poderá delimitar os cursos concretos aos que se dirixirán as actividades cada ano, de entre as etapas educativas mencionadas.

O programa iníciase ao comezo do curso escolar cunha oferta de actividades dirixida aos centros de ensino nas etapas anteriormente mencionadas, de tipo formativo, de expresión artística e reivindicativa para a súa realización nos propios centros en horario lectivo. O programa inclúe a impartición de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (ata un máximo de 60 horas), e culmina coa realización dun acto central que se realizará nun espazo a determinar polo Concello de Vigo, nunha data entono ao 25 de novembro, con motivo da conmemoración do *Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, que será un lugar de encontro e de presentación de boas prácticas no ámbito da coeducación e da prevención da violencia de xénero entre a mocidade.

En data do 7 de xuño de 2024, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 11 de xuño de 2024 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril e Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 19/06/23 (BOPPO núm. 123 do 27 de xuño de 2023), modificada polas Resolucións do 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024); Resolución de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024); Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e nas/os concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023), modificado polos Acordos do 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero” asinados o 7 de xuño de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades, pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. Firmado en data 10 de xuño de 2024 pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e en data 11 de xuño de 2024 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 7 de xuño de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e en data 10 de xuño de 2024 conformada pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e en data 11 de xuño de 2024 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito asinado polo director superior contable o 11 de xuño de 2024 (documento RC nº 12024000108684).
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 12 de xuño de 2024 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Pregos de prescricións técnicas particulares asinado o 12 de xuño de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Memoria xustificativa asinada o 12 de xuño de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 22 de xullo 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 23 de xullo de 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 3 meses e 22 días, sen posibilidade de prórroga.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do valor total estimado do contrato, tendo en conta que non hai posibilidade de prórroga nin de modificación do contrato, é de 24.567,81 € (importe do contrato sen IVE).

O orzamento base de licitación é (IVE incluído) **28.908,05 €**. Este orzamento base de licitación consta de:

- unha parte fixa: 25.008,05 € (que inclúe un IVE de 4.340,24 €, correspondente ao 21%).
- unha parte variable, correspondente á impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado ata un máximo de 60 horas: 3.900 €. A parte variable está exenta de IVE conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido.

O prezo unitario para a impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado é o seguinte: 65 €/hora

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “*Outros programas de Igualdade*” 2311 2279903 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o 2024 do Servizo de Igualdade.

Exercicio 2024: 28.908,05 €.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área. Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 19/06/23 (BOPPO núm. 123 do 27 de xuño de 2023), modificada polas Resolucións do 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024); Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e nas/os concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023), modificado polos Acordos do 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente o certificado de retención de crédito de data

11 de xuño de 2024. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23 de xullo de 2024.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 12 de xuño de 2024, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 28.908,05 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Outros Programas de Igualdade*” 2311 2279903 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(617).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO POR CONTORNAS NATURAIS SINGULARES, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2024. EXPTE. 18008/306.

Visto o informe de fiscalización do 05/08/2024, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

A concelleira delegada de Medio Ambiente en data do 29 de xullo de 2024, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono por contornas naturais singulares, dentro do programa Camiño a Camiño 2024.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle cinco rutas medioambientais por Galicia para un total de 750 participantes, que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2024.

As actividades realizadas baixo a denominación “En outono, contornas naturais singulares” van dirixidas ao coñecemento de espazos naturais de Galicia con distintos niveis de protección ambiental: Xeoparque, Zona de Especial Conservación (ZEC), Parque Natural e Reserva da Biosfera.

No caso do Xeoparque do Courel visitaríase o Pregamento de Campodola, unha auténtica xoia xeolóxica que permite abordar a historia de 500 millóns de anos de xeoloxía.

No Parque Natural de Corrubedo abordarase un complexo dunar particular con todas as zonas húmidas que o circundan.

No Monte Pindo estamos abordando outro espazo singular cunha riqueza biolóxica e xeolóxica particular, achegándonos á curiosa Fervenza do Ézaro.

Na Reserva da Biosfera de Allarizponse de manifesto como a convivencia entre o humano e a natureza é posible sen o deterioro desta, podendo comprobalo nun percorrido ao redor da zona núcleo nas proximidades de Allariz.

Na Serra do Galiñeiro teremos ocasión de atravesala dende Zamáns ata o Parque Natural do Aloia, observando a súa riqueza xeolóxica e biolóxica.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 22.577,50 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente prevé determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración empresarial (en especie) con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, co obxecto da execución deste proxecto de actividades.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das

actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno de Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións por delegación de competencias do alcalde do 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto situados en Galicia, falcendo fincapé na súa riqueza natural.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades, polo que sería posible subscribir estes convenios para a execución das actividades.

En virtude do apartado Primeiro, 2 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO, 28/06/2023), correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

A Intervención xeral emitiu informe asinado dixitalmente en data do 05/08/2024, no que indica que o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2024, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 30 de xullo de 2024, que recolle cinco rutas de interese medioambiental por Galicia para un total de 750 participantes que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2024.

Segundo.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Terceiro.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de sete días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(618).- DETERMINACIÓN DA XORNADA LABORAL A REALIZAR POLO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 43578/220.

Visto o informe de fiscalización de data 01/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Antecedente 1.- Como primeiro e fundamental antecedente da presente proposta, cómpre expoñer a existencia dunha situación de litixiosidade no ámbito do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (en adiante, SPEIS); situación nada pacífica e moi controvertida ao longo do tempo, con extensións na vía xudicial, derivadas do feito de que os distintos acordos municipais adoptados nos últimos 30 anos – entre os que destaca o Acordo do Pleno do Concello de Vigo de 23 de decembro de 1991 -establecendo xornadas estruturais e contemplado con posterioridade na Disposición Transitoria 6º do Acordo Regulador das condicións do persoal funcionario ao servizo do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de 28 de decembro de 1998- e posteriores acordos da Xunta de Goberno Local de datas 19 de abril do 2004, 21 de maio do 2009; 20 de setembro do 2010 e 9 de maio do 2011- non parecen ter proporcionado as necesarias certeza e seguridade xurídica; non sendo, a data de hoxe, cuestión pacífica.

A maiores da dita situación, cómpre salientar que a pervivencia destes acordos viuse cuestionada co transcurso do tempo e coa evolución normativa da regulación xurídica en materia de persoal experimentada na última década; sendo imprescindible, no actual contexto, que todo acordo que se adopte esté baseado nun proceso previo de análise de postos de traballo, consonte á metodoloxía técnica analítica e valorativa existente, e que aborde con claridade e precisión a necesaria identificación, clasificación e cuantificación factorial, xunto coa asignación porcentual ou de puntos, na determinación das retribucións complementarias dos postos de traballo do SPEIS.

Todas estas discrepancias teñen sido postas de manifesto, entre outras, nas Sentenzas 100/21, do 1 de xullo, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento ordinario 191/2020; Sentenza 181/2021, do 30 de agosto, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario 185/2021; Sentenza 191/2021, da mesma data e Xulgado, no procedemento ordinario 233/220; ou na recente Sentenza 242/2023, do 9 de novembro de 2023, declarada firme, entre outras moitas, dada a litixiosidade citada. Igualmente, merece especial mención a Sentenza do Tribunal Supremo de 1 de xullo de 2019, á que se remiten algunhas das sentenzas anteriormente citadas, como é o caso da Sentenza 181/2021, do 30 de agosto, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario 185/2021 e referida á que, a xornada xeral establecida para o persoal das administracións públicas (actualmente 1642 horas anuais, tal e como se dispuxo anteriormente) supón un mínimo de obrigado cumprimento, sen prexuízo de pacto dunha xornada superior, en este senso, establece que:

"...En definitiva, viene a disponer que todo empleado publico que trabaje menos de 37,5 horas semanales estaría obligado a incrementar su jornada hasta ese mínimo y sin percibir por ello incremento retributivo alguno.

Por ello, debe decirse que la previsión legal no afecta, en modo alguno, a cualesquiera jornadas ordinaria o especial, existentes o futuras, cuya duración respete la que se impone. Por tanto, no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

afectaría a jornadas de trabajo pactadas con duración superior a la mínima fijada y no existiría obligación legal de adaptación de tales jornadas."

Tampouco pode obviarse o sinalado na Sentenza 293/2021, do 22 de decembro, dictada no R. C-A (p.a.) 290/201, no marco dun procedemento xudicial seguido a instancias de funcionario do Corpo da Policía Local, e en cuxo fundamento xurídico Cuarto se advirte, entre outras cuestións, a seguinte:

*"Una reflexión última se impone: Recientemente hemos tenido ocasión de pronunciarnos a propósito de una pluralidad relevante de demandas presentadas por otro colectivo de empleados públicos municipales, **los bomberos**, con reivindicaciones parecidas a las que ahora se ventilan, y entonces, igual que ahora, alcanzamos la misma conclusión:*

Sería bueno que por la demandada se fiscalizase con el debido rigor si esas cantidades muy cuantiosas que, desde antiguo, viene abonando a personal que trabaja en horario de turnos, como el recurrente, representan verdaderamente al final del año, un exceso de la jornada normal, o simplemente, un exceso de horario (aunque tenga lugar concurriendo circunstancias de nocturnidad y/o festividad).

Y es que, entiendo que las consecuencias son relevantes según que nos hallemos en uno y otro caso, sobre todo para el erario público, ya que de no analizarse con detenimiento la cuestión, se correrá el riesgo de remunerar por duplicado, indebidamente, el mismo componente retributivo. Esto es, únicamente merecerían ser abonadas como gratificaciones extraordinarias (ya con clave 220, ya con clave 871), las horas efectivamente realizadas sobre el exceso de la jornada anual normal y en relación a ésta, hacemos especial recuerdo de lo mandado en el art. 93.1 LR-BRL, en conjunción con lo dispuesto en la Resolución de 28 de febrero de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, que configura la duración media de la jornada laboral general".

Antecedente 2.- Á vista do contexto e acordos municipais referenciados, procedeuse á contratación administrativa de servizos de consultoría e asistencia técnica no ano 2022, tramitada en expediente nº 40.976/220, en atención ás diversas comunicacións efectuadas por parte de mandos, responsables técnicos e directivos da área funcional de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de Incendios e Salvamento e unidades organizativas dependentes respecto dunha presunta situación anómala no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios do Concello de Vigo, susceptible hipotéticamente de xenerar tanto a imposibilidade de prestación do servizo nas debidas condicións de eficiencia e seguridade, como de producir, eventualmente, presuntos graves riscos para a cidadanía e para o propio persoal asignado ao servizo de non adoptarse medidas.

Así, e en garantía tanto da seguridade e integridade colectivas -dos cidadáns e do persoal municipal- como do debido exercicio das competencias municipais en materia de seguridade por parte dos órganos municipais conforme a Dereito; da adopción das decisións procedentes con base, criterio e fundamento técnico especializado e suficiente, así como do correcto funcionamento dos servizos públicos, estimouse como necesaria, inaprazable e urxente a formalización do contrato administrativo de servizos, dado que, en atención ao principio de especialidade funcional, non integra a función de recursos humanos a organización e auditoría do ámbito interno adicado á prevención e extinción de incendios e salvamento.

En data 15/02/2023, e dentro do prazo de execución de tres meses establecido, a contratista ACONSELA, S.L. presentou na sede electrónica o "*Estudio de la organización, puestos de trabajo, régimen retributivo, eficiencia de la prestación y condiciones de seguridad y salud en el servicio de prevención y extinción de incendios y salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo*"; estudio en atención ao cal se procede á realización de actuacións administrativas, documentadas en expediente nº 41.819-220, e que rematan coa resolución do órgano municipal competente de data 09/08/2023 ordenando a realización de actuacións administrativas.

Na indicada resolución dispónse asignar á Área funcional de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios (SPEIS) a elaboración de propostas de réxime de prestación do servizo ordinario no SPEIS, con indicación de horarios, entradas e saídas, quendas e sistema de gardas, así como proposta de servizos mínimos ordinarios e de servizos mínimos en caso de folga, que en ningún caso poderán coincidir cos ordinarios consonte ao determinado na STSXG 511/2020, do 14 de outubro (R. de apelación 198/2020) e no propio estudio contratado; e proposta de calendario laboral do persoal funcionario do SPEIS para o ano 2024, con observancia da normativa vixente, entre outras actuacións.

A mesma resolución dispón asignar á Área funcional de Recursos Humanos e Formación a proposta de xornada laboral do persoal funcionario ao servizo do SPEIS, nos termos do establecido na normativa vixente e consonte aos pronunciamentos xudiciais firmes existentes na materia; e proposta de actuacións de procedente realización na vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo conforme á diagnose e proposta especializada do estudio entregado por ACONSELA, S.L., entre outras actuacións.

Antecedente 3.- En cumprimento delo, e no relativo á xornada laboral, procedeuse a abordar o correspondente estudio xurídico previo (documentado en expediente nº 42.908-220); estudio ao cal se efectúa por quen suscribe unha remisión íntegra no relativo á xornada a realizar polo persoal ao servizo do SPEIS, e no cal se contén informe asinado o 01/02/2024 respecto da marxe negocial ao efecto.

Antecedente 4.- Á vista do estudio xurídico realizado, o órgano municipal competente, na marxe negocial determinada e na condición de parte lexitimada para a negociación colectiva, dispón, en data 02/02/2024, "incoar expediente para a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral do persoal adscrito ao SPEIS, que se determinará en 1.642 h anuais, previa a tramitación administrativa que en Dereito proceda" (apartado Primeiro).

O proceso de diálogo social desenvolvido cos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva foi desenvolvido no marco da mesa de negociación das condicións de traballo do persoal funcionario no período comprendido entre o 07/05/2024 (data de celebración da primeira das mesas de negociación) e o 25/06/2024 (data da última das mesas de negociación celebradas) incluíndo sesións informais de traballo na Área de Seguridade con periodicidade aproximadamente semanal.

Como consecuencia do antedito proceso, no marco do cal se efectúan as correspondentes aportacións sindicais documentadas no expediente, presentadas polos sindicatos con lexitimación negocial (CSI-CSIF/SICO, UXT e CCOO por unha banda, e CIG por outra, incorporadas ao expediente no trámite 38, xunto con informe da contratista responsable de executar o contrato de servizos para a revisión da Relación de Postos de Traballo actualmente en curso, e mais o informe emitido pola xefatura da Área asinante respecto das referenciadas aportacións sindicais) adóptase no seo da mesa citada o seguinte acordo:

"2º.-Expediente: 43578-220: Proposta de determinación da xornada laboral do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.

A Presidencia da conta da proposta " Visto o disposto na orde de data de sinatura dixital de data 2 de febreiro do 2024 determinando o seguinte:

"Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral do persoal adscrito ao SPEIS, que se determinará en 1.642h anuais, previa a tramitación administrativa que conforme a Dereito proceda

Segundo.- Ordenar que se proceda a solicitar informe-proposta á xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de Incendios, e á xefatura do SPEIS dela dependente, considerando a xornada que se recolle no apartado primeiro anterior, respecto dos puntos seguintes:

- proposta de organización de quendas*
- proposta determinación de horarios*
- proposta de determinación de servizos mínimos e ordinarios*
- proposta de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS*

Terceiro.- Dispoñer o sometemento a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS e dunha proposta de organización de quendas, determinación de horarios, determinación de servizos mínimos e ordinarios, e de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS."

Visto o informe emitido pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade (documento 240126993) realizando proposta de horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo con programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, pola presente dispoño someter a negociación colectiva a seguinte proposta:

"Propoñer a determinación dunha xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS vinculada á proposta de data 25 de abril do 2024 asinada pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade sobre horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo e criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións desta e do informe que se emita polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais" (...)

Tralo debate sométese a votación a proposta co seguinte resultado: a favor; Concello e SICO- CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9), votos en contra:CIG (0,8), abstención:ningunha.

E por isto que a mesa de negociación de negociación para o persoal funcionario do Concello de Vigo achega por maioría da representación sindical a un acordo relativo a determinación dunha xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS vinculada á proposta de data 25 de abril do 2024 asinada pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade sobre horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo e criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións desta e do informe que se emita polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais.”

Antecedente 5.- En data 04/07/2024 emítese informe favorable pola técnica de prevención de riscos laborais, que obra incorporado ao expediente (trámite 35)

Vistos os antecedentes fácticos, procede analizar o marco xurídico de aplicación e a conseguinte motivación xurídica

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- CUESTIÓN PREVIA

Como cuestión previa, indícase que o acordo adoptado polas partes lexitimadas entra dentro da marxe de negociación colectiva determinada no informe de data de sinatura electrónica 01/02/2024, que obra incorporado ao expediente 42.908-220, atopando igual reflectimento no artigo 8 do vixente Regulamento rector do SPEIS, aprobado polo Pleno da Corporación o 02/03/1998 (BOPPO do 07/04/1998) que establece, entre outros extremos, que “a xornada de traballo será a mesma que se estableza para os demais funcionarios en cómputo anual (...)”.

Exposta tal cuestión previa, procede a abordaxe da motivación xurídica da proposta obxecto do presente expediente.

I.- MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN ÁS CONDICIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO EN RELACIÓN COA XORNADA LABORAL A REALIZAR POLOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS AO SERVIZO DAS ENTIDADES LOCAIS. CONTEXTUALIZACIÓN NO PROCESO DE REVISIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) E DE APT E VPT (ANÁLISE E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO) ACTUALMENTE EN CURSO.

O artigo 94 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) establece que a xornada de traballo dos funcionarios da administración local será, en cómputo anual, a mesma que se fixa para os funcionarios da administración xeral do Estado.

A xornada laboral do persoal ao servizo das administracións públicas vén establecida na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos. O artigo 3.1 da citada resolución dispón que a xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a mil seiscentas corenta e dúas (1.642) horas anuais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Igualmente, no seu artigo 4 establece que a duración da xornada do persoal que desempeñe postos de traballo considerados de especial adicación será de 40 horas semanais, sen prexuízo do horario que excepcionalmente sexa preciso por razóns de servizo.

Pola súa banda, o artigo 210 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que a xornada de traballo do persoal funcionario das entidades locais *“será en cómputo anual a mesma que se fije para el personal funcionario de la Administración general del Estado. Igualmente, se le aplicarán las mismas normas sobre equivalencia y reducción de jornada”*.

Por tanto, e nunha primeira aproximación xeral, infórmase que a xornada laboral xeral do persoal ao servizo das entidades locais se concreta en 1.642 horas anuais, a razón de 37 horas e media semanais.

Sen prexuízo delo, e como xa se ten exposto pola suscribinte no estudio xurídico efectuado en expediente nº 42.908/220, o límite mínimo de negociación axustado a Dereito determínase nas 1.642h anuais establecidas con carácter xeral para o persoal ao servizo das Entidades Locais; téndose informado que, para o caso do persoal ao servizo do SPEIS debe levar aparellada, de xeito inexcusable, a revisión dos factores que integran o complemento específico.

Neste punto cómpre invocar as previsións normativas respecto das retribucións complementarias dos funcionarios públicos locais, que se recollen, con carácter básico, no artigo 93 da LBRL citada, que contempla que *“los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación de las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18.ª de la Constitución.”*

O artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (en adiante, TREBEP) preceptúa que *“la cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores: a) La progresión alcanzada por el funcionario dentro del sistema de carrera administrativa; b) La especial dificultad técnica, responsabilidad, dedicación, incompatibilidad exigible para el desempeño de determinados puestos de trabajo o las condiciones en que se desarrolla el trabajo; c) El grado de interés, iniciativa o esfuerzo con que el funcionario desempeña su trabajo y el rendimiento o resultados obtenidos; y d) Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo”*.

No caso dos funcionarios locais, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local recolle no seu artigo 4 que *“el complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo”*, indicando no seu apartado 2 que *“el establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo.”*

Esixindo as actuacións indicadas o imprescindible e inseparable proceso técnico especializado de análise e valoración de postos de traballo, foi solicitado informe á contratista (incorporado aos documentos contidos no trámite 38); informe no cal se conclúe, entre outros extremos, que

"1. No se pretende bajar las retribuciones:

El proceso de valoración de puestos de trabajo se enfoca en determinar el valor de los puestos de manera justa y equitativa, sin que esto implique una reducción en las retribuciones actuales de los empleados. El objetivo es asegurar que los salarios sean suficientes y que exista equidad entre los distintos puestos, incorporando todos los pluses y compensaciones pertinentes.

2. Punto de partida: la situación actual:

La valoración se realizará tomando como referencia la situación actual de la plantilla municipal. Se utilizará un modelo matemático para calcular los puntos de cada variable y convertir esos puntos en retribuciones, garantizando así un proceso riguroso y adaptado a las características específicas de la organización. Además, se considera la situación presupuestaria y legal vigente, lo cual asegura que las propuestas finales sean viables y justas.

3. Realización profesional del proceso:

El sistema de valoración se basa en un enfoque técnico y profesional, utilizando una metodología de asignación de puntos por factores. La labor de los técnicos evaluadores es crucial para garantizar la objetividad y la independencia del proceso, enfocándose en la funcionalidad y el impacto de los puestos de trabajo en la organización. La metodología aplicada es reconocida por su objetividad y es considerada adecuada para promover la igualdad en el ámbito laboral.

4. La asignación del valor económico del complemento específico tras el proceso de valoración.

La asignación del valor del complemento específico se enmarca dentro de una potestad discrecional legalmente establecida. Esta discrecionalidad permite ajustar los factores que determinan dicho valor según las necesidades específicas de cada puesto de trabajo, sin afectar la objetividad del método. A pesar del margen de flexibilidad en la selección y ponderación de los factores, estos deben cumplir siempre con los principios de legalidad y justicia. Así, el método cuantitativo para calcular el complemento específico mantiene su objetividad y equidad, garantizando que las retribuciones reflejen de manera precisa las características y exigencias de cada puesto."

No prego de prescripci3ns t3cnicas rectoras do dito contrato se establece como obriga para a contratista a de entrega dun informe preliminar en un prazo non superior a **4 meses**, no cal se efect3e a proposta de an3lise e valoraci3n dos postos de traballo do SPEIS, en base aos antecedentes que polo Concello de Vigo deber3n aportase, entre os que se atopa o "Estudio de la organizaci3n, puestos de trabajo, r3gimen retributivo, eficiencia de la prestaci3n y condiciones de seguridad y salud en el servicio de prevenci3n y extinci3n de incendios y salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo".

Por tanto, ent3ndese necesario, para a debida abordaxe do proceso pola contratista, efectuar a determinaci3n das condici3ns para a an3lise e valoraci3n de postos de traballo do SPEIS, establecendo como primeira actuaci3n a da determinaci3n da xornada laboral, que consonte 3 orde de data 02/02/2024 f3xase nas 1.642h anuais, como xornada m3nima legal establecida na norma-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

tiva vixente para os funcionarios públicos ao servizo da Administración Local, en harmonía co disposto no art. 8 do vixente Regulamento rector do SPEIS, a avaliar no proceso técnico que se realice.

En todo caso, debe informarse que calquera aprobación polos órganos municipais competentes da xornada laboral do persoal do SPEIS debe acompañarse inexcusablemente da aprobación, previo informe proposta, da organización de quendas, determinación de horarios, servizos mínimos e ordinarios, e réxime interno da prestación do servizo no SPEIS, que corresponde emitir á xefatura do SPEIS en execución da resolución de data 09/08/2023 (expediente n.º 41.819-220) axustados á xornada negociada, que coincide coa establecida no art. 8 do regulamento rector do SPEIS e entra dentro da marxe negocial determinada no informe de data 01/02/2024 (expediente n.º 42.908-220)

II.- NECESIDADE DE DETERMINACIÓN DA XORNADA: A INCIDENCIA NAS RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS NON FIXAS NIN PERIÓDICAS. AS GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS FORA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA NO CASO DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO SPEIS.

A regulación das gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral dos funcionarios públicos ao servizo das Entidades Locais recollese, con carácter básico, no art. 93.2 da LBRL, ao determinar que *"las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el Pleno de la Corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado"*.

Tamén con carácter básico, o artigo 24, letra d) do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TRLEBEP, establece que *"la cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores (...): d) Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo."*

O persoal funcionario ao servizo das entidades locais unicamente poderá ser retribuído polos conceptos contemplados no artigo 6.1 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, que preceptúa que *"corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2, c), de este Real Decreto"*, para a continuación recoller no seu apartado 3 que *"las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo."*

O límite global ao importe dos créditos destinados a tal fin recóllese no art. 7 da mesma norma; límite que, para o caso das gratificacións, establécese no máximo do 10% do resultado de *"restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino."*

Dado que a determinación da xornada conleva o **marco de referencia inexcusable** para a realización de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral ordinaria, debe salientarse a necesidade de acompañar o aboamento de retribucións en concepto de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral ordinaria coa aprobación, nos termos contemplados na normativa vixente- da modificación da relación de postos de traballo municipal incorporando o proceso de análise e valoración de postos de traballo, dende a perspectiva do establecido no artigo 23. Un,

letra F) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -actualmente prorrogada- que contempla que *“estas gratificaciones tendrán carácter excepcional y solamente podrán ser reconocidas por servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo sin que, en ningún caso, puedan ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, ni originar derechos individuales en períodos sucesivos.”*

Deste xeito, propónse que pola Área de Seguridade e o SPEIS se contemple na elaboración do programa de servizos extraordinarios que ao seu cargo se xestiona o pagamento trimestral ou cuatrimestral dos devengos susceptibles de xenerarse en tal concepto, o cal permitirá á súa vez á Tesourería Municipal e á Área de Recursos Humanos e Formación acadar unha maior eficiencia na tramitación dos expedientes de pago, permitindo complementariamente un marco de seguridade xurídica óptima na tramitación e xestión dos expedientes administrativos de pago, en garantía tanto dos dereitos retributivos do persoal do servizo como das obrigatorias eficiencia, rigor e responsabilidade na asignación de recursos públicos con cargo á Facenda Local do Concello de Vigo.

III.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA

O presente expediente debe ser sometido á fiscalización con carácter previo e preceptivo a súa aprobación, de conformidade co disposto ao establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ao tratarse dun acto susceptible de xenerar gastos futuros, e polo que respecta á preceptiva fiscalización mensual da nómina municipal.

IV.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

A competencia para a aprobación do presente expediente reside na Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada de Área que, por delegación da Excm. Alcaldía e da propia Xunta de Goberno Local, teñen atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais.

VI.- PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar a determinación dunha xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento rector do servizo; xornada vinculada á proposta de organización do servizo de data 25 de abril do 2024, asinada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, e aos criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións destes, en execución do acordo adoptado pola Mesa de Negociación das condicións do persoal funcionario -proceso de diálogo social desenvolvido en sesións negociais de datas 07/05/2024 e 25/06/2024-; nos termos do informe da contratista do proceso de revisión da relación de postos de traballo asinado en data 13/06/2024 (trámite 38); do informe asinado en data 04/07/2024 polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais (trámite 35), consonte á motivación xurídica exposta no informe-proposta que antecede, e do informe favorable da Intervención Xeral Municipal.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto os actos administrativos e acordos anteriores relativos á xornada laboral do persoal pertencente ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo no que se opoñan ao presente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da parte dispositiva do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, así como no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para público coñecemento.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade, Xefaturas e letrados/as); Xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios; Xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade; Xefatura do SPEIS; Tesourería Municipal; persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, inspección de persoal e Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais; sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no Concello de Vigo e órganos de representación sindical do persoal funcionario do Concello de Vigo, para coñecemento e efectos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(619).- ACORDO MARCO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FORA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) RETRIBUIBLES MEDIANTE GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 44930/220.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2024, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Índice

I. ANTECEDENTES.....	2
1. Mesa de Negociación do 07/05/2024.....	2
2. Mesa de Negociación do 25/06/2024.....	2
3. Proposta de incremento plantilla da Área de Seguridade e Mobilidade.....	7
4. Vacantes.....	7
4.1. Previsións das OEP 2020-2021-2022 que incorporan prazos do SPEIS pendentes de execución.....	7
4.2. . Previsión da OEP 2023.....	8
4.3. Vacantes producidas en 2024.....	8
Bombeiros/as: se produciron 3 vacantes (dotación 64) dende a data 26/05/2024, unha por falecemento (Expte. 44580/220) e 2 xubilacións no mes de xuño/2024 (dot. 48: Expte. 44107/220 e dot. 38: Expte. 43453/220).....	8

5. Proposta de programa remitida pola Área de Seguridade e Mobilidade.....	8
II. OBXECTO, NECESIDADE E RÉXIME XURÍDICO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SPEIS.....	9
1. Obxecto.....	9
2. Principios e criterios do programa.....	9
3. Motivación.....	10
4. Normativa de aplicación.....	12
- Resolución de 28 de febreiro de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo.....	12
III. PROPOSTA DE PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.....	12
1. Duración.....	12
2. Número máximo de horas do programa.....	13
3. Carácter voluntario da incorporación.....	13
4. Autorización dos servizos extraordinarios.....	13
5. Número de gardas de servizos extraordinarios, distribución, duración e horarios.....	13
6. Condicións dos participantes no programa e causas de exclusión.....	14
7. Gardas programadas e gardas en función das necesidades.....	14
8. Vacacións.....	15
9. Convocatoria anual do programa.....	15
9.1. Inicio.....	15
9.2. Publicación.....	15
9.3. Presentación.....	15
9.4. Informes e resolución.....	15
10. Xestión do Programa.....	15
11. Retribución ou compensación das gardas.....	16
12. Tramitación.....	16
12.1. Autorización previa para a realización servizos extraordinarios.....	16
12.2. Aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios.....	16
IV. FUNDAMENTOS XURÍDICOS.....	16
1. Réxime das gratificacións por servizos extraordinarios.....	16
2. Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.....	18
3. Fiscalización previa.....	18
4. Competencia.....	18
PROPOSTA DE ACORDO:.....	19

I. ANTECEDENTES

1. Mesa de Negociación do 07/05/2024

En data 07/05/2024 foi celebrada Mesa de Negociación das condicións de traballo do persoal funcionario convocada para o inicio do proceso de diálogo social cos sindicatos lexitimados ao efecto, dirixida á negociación dunha proposta de determinación das condicións para a análise e valoración de postos de traballo do SPEIS no relativo á xornada laboral, documentada no marco do expediente electrónico n.º 43.578-220.

Na mesma sesión negocial foi sometida á preceptiva negociación colectiva a proposta organizativa do servizo efectuada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios, que incorpora criterios xerais para a prestación de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria.

Proposta que consta emitida e incorporada ao documento electrónico nº 240126993. Na devandita Mesa aprazouse a negociación para un momento posterior, logo da creación dun grupo de traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

2. Mesa de Negociación do 25/06/2024

Celebrouse unha segunda mesa de negociación do persoal funcionario do Concello de Vigo , en sesión extraordinaria de data 25 de xuño de 2024, na que se adoptaron os seguintes acordos:

"1º.- Expediente 44613-220: Dar conta das actuacións realizadas polo grupo de traballo do SPEIS.-

A Presidenta da conta das actuacións realizadas polo grupo de traballo SPEIS en expediente 44613-220 e da comunicación da Concelleira-delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.06.2024 en resposta as propostas dos delegados sindicais que literalmente dí "*Vistas as aportacións sindicais achegadas no proceso de diálogo social coa representación sindical do persoal sobre a organización do SPEIS, pola Concellería trasládase que:*

1. Emitiuse proposta de determinación da xornada laboral, remitida con ocasión da convocatoria da mesa de negociación colectiva para o pasado 7 de maio do 2024 (expediente 43.578-220), que se xunta.

2. A Área de Recursos Humanos e Formación, a nosa instancia e coa nosa conformidade, emitiu a proposta para a revisión do importe da gratificación por servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral ordinaria para someter a negociación colectiva (44.575-220)

3. A xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación elaborou informes sobre as aportacións achegadas (expediente 44.613-220)

4. Á vista deste informe, solicitouse pronunciamento da contratista do proceso de análise e valoración de postos de traballo e estudio de plantilla no Concello de Vigo, que remitiu informe asinado o 13 de xuño de 2024 sobre o complemento específico dos postos do SPEIS no marco do proceso en curso que conclúe que: "La asignación del valor del complemento específico se enmarca dentro de una potestad discrecional legalmente establecida. Esta discrecionalidad permite ajustar los factores que determinan dicho valor según las necesidades específicas de cada puesto de trabajo, sin afectar la objetividad del método", ao tempo recolle que non se pretende baixar as retribucións e que o punto de partida é a situación actual.

5. Emitiuse informe da xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS coa proposta de turnicidade á vista da nova xornada proposta, coa conformidade da Concellería, remitida con ocasión da convocatoria da mesa de negociación colectiva para o pasado 7 de maio do 2024 (documento núm. 240126993) que se achega novamente.

6. Con respecto a dimensión da plantilla, a xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS emitiron informe de data 14 de xuño de 2024, sobre as previsións da plantilla do SPEIS (documento núm. 240176396)

7. En relación cos recursos de casación relativos á Policía Local citados na proposta, consta informe da Asesoría Xurídica ao que se achega Auto relativo as casacións admitidas, do que se desprende que non se cuestiona o método de cálculo das gratificacións. Ademais, consta informe da titular da Asesoría Xurídica ao novo cálculo proposto que tamén se achega.

Por tanto, trasládanse os anteriores á representación sindical con carácter previo á convocatoria de mesa xeral de negociación de persoal funcionario, no marco do proceso negocial, expresándolles a vontade política desta representación dentro dos límites que resulten da regulación que estableza a normativa xeral e orzamentaria de aplicación.

(...)

"2º.-Expediente: 43578-220: Proposta de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.

A Presidencia da conta da proposta " Visto o disposto na orde de data de sinatura dixital de data 2 de febreiro do 2024 determinando o seguinte:

"Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral do persoal adscrito ao SPEIS, que se determinará en 1.642h anuais, previa a tramitación administrativa que conforme a Dereito proceda

Segundo.- Ordenar que se proceda a solicitar informe-proposta á xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de Incendios, e á xefatura do SPEIS dela dependente, considerando a xornada que se recolle no apartado primeiro anterior, respecto dos puntos seguintes:

- *proposta de organización de quendas*
- *proposta determinación de horarios*
- *proposta de determinación de servizos mínimos e ordinarios*
- *proposta de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS*

Terceiro.- Dispoñer o sometemento a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS e dunha proposta de organización de quendas, determinación de horarios, determinación de servizos mínimos e ordinarios, e de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS."

Visto o informe emitido pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade (documento 240126993) realizando proposta de horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo con programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, pola presente dispoño someter a negociación colectiva a seguinte proposta:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

“Propoñer a determinación dunha xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS vinculada á proposta de data 25 de abril do 2024 asinada pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade sobre horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo e criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións desta e do informe que se emita polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais”

(...)

”3º Documento 240126993: Proposta de memoria organizativa do Servizo de prevención e extinción de incendios (SPEIS) realizada pola xefatura do servizo de Bombeiros e a xefatura da Área de Seguridade de data 25.04.2024 (criterios xerais).

(...)

Sétimo.- Programa de SERVICIOS EXTRAORDINARIOS.

É o instrumento máis eficaz para resolver as necesidades do servizo a curto prazo e garantir a dotación ordinaria diaria.

É un instrumento accesible, xeralmente aceptado, que actúa como estabilizador automático e instantáneo fronte ás fluctuacións non desexadas en materia de dotación de persoal.

Para que a súa utilidade non quede desvirtuada resulta indispensable delimitar ben os supostos determinantes da súa aplicabilidade, sen que poida ser visto como un freo á calidade do servizo e á existencia dun cadro de persoal adecuado e permanentemente dotado.

O paulatino incremento da dotación de persoal en execución das respectivas OEP marcará o paso dos programas de servizos extraordinarios en interese do servizo.

O establecemento dun programa de servizos extraordinarios deberá responden cando menos aos seguintes principios básicos:

- Ter un carácter anual.*
- A incorporación ao mesmo terá carácter voluntario, en convocatoria única.*
- Deberá establecerse claramente un vínculo unívoco do programa coa execución das ofertas de emprego público pendentes de execución, e a precedencia da cobertura dos postos de traballo vacantes polos procedementos ordinarios sobre a atención das necesidades do servizo con servizos extraordinarios xeneralizados.*
- O programa deberá estruturarse preferentemente en gardas de 24 horas e corenta minutos, sen prexuízo da posibilidade de realización de un número determinado de gardas por tramos horarios sempre que resulte máis beneficioso en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto dos demais dereitos estatutarios do persoal de cadro. En todo caso, o programa contemplará a duración mínima das gardas divisibles.*

- O programa contemplará a realización dun mínimo de 11 e un máximo de 17 gardas durante toda a duración daquel, gardando a debida proporción co calendario anual do servizo.
 - Por riba das 11 gardas, poderán contemplarse gardas en función das necesidades do servizo.
 - Na asignación das gardas do programa deberase respectar integramente a secuencia dos descansos breves e non se contemplará a realización de máis dunha garda no mesmo treito dos descansos longos.
 - A compensación da realización das gardas contemplará a estrita paridade entre gratificación e descansos.
 - En ningún caso se admitirá a realización das gardas durante as vacacións anuais dos funcionarios participantes no programa.
 - Os funcionarios que se atopen na idade da xubilación adiantada en aplicación do RD 383/2008 non poderán participar no programa.
- (...)"

“4º.- Expediente 44575-220: Proposta de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios, segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal:

1.- Someter á preceptiva negociación colectiva previa o cálculo resultante de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).

Valor hora ordinaria ou normal =	<i>Retribucións básicas + CD (importe anual) + CE (importe anual)</i>
	<i>Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)</i>

2.- A regulación que se adopte, para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, debería ser aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Acordo/Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.

3.- Deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, en especial a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no cumprimento da xornada) e para todos os empregados municipais a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de “48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de sete días”.

Ase mesmo é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario.

4.- As gratificacións para o seu axuste ao réxime retributivo previsto no TREBEP, deben configurarse sen distinción do grupo funcional.

5.- Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estrito cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes, sen prexuízo do control posterior por parte da Área de Recursos Humanos e Formación.”

3. Proposta de incremento plantilla da Área de Seguridade e Mobilidade

Con respecto a dimensión da plantilla, a xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS emitiron informe de data 14 de xuño de 2024, sobre as previsións da plantilla do SPEIS (documento núm. 240176396) incorporado ao expte. 44613-220, do que se deu conta á mesa de negociación e que di o seguinte:

“ A xuízo dos funcionarios asinantes, o incremento de efectivos respecto do actual cadro de persoal do servizo (151) resulta unha medida adecuada para o exercicio das competencias que en réxime de exclusividade legalmente lle corresponden.

Así, a revisión das instalacións contra incendios en edificios e instalacións (DBSI); a revisión dos plans de autoprotección para as múltiples actividades e servizos suxeitos a súa aprobación (RD 524/2023, Decreto 172/2022 de Galicia); a investigación das causas dos incendios (arts. 351 a 358 bis do Código Penal, L.O. 10/1995); a actividade de salvamento e seguridade nas zonas de baño (art. 115 da Lei 22/1988 de Costas); a moi conveniente ampliación do ámbito obxectivo do servizo mediante convenios coa Autoridade Portuaria de Vigo, e cos concellos limítrofes, como materias non suficientemente atendidas ou mesmo desatendidas por razón da insuficiencia de persoal.

3. Agora ben; na ampliación do cadro de persoal resulta ineludible e prioritaria a ampliación do cadro de mandos intermedios, en todas as súas categorías: cabo (10), sarxento (10) e suboficial (1). Un problema que de ben antigo tivo reflexo no propio regulamento do Corpo (arts. 15, 17, 19).

(...)

Por isto, e co obxecto explícito de garantir a presenza dun sarxento e un cabo en cada un dos parques todos os días do ano, proponse a ampliación inmediata do cadro de persoal de mandos en 5 sarxentos e 5 cabos, pasando a constituir un total de 15 sarxentos e 15 cabos.

A súa vez, a dirección operativa e inmediata dos sarxentos corresponde ao posto de suboficial, resultando igualmente indispensable ampliar a dotación actual de 1 a 2 postos.

4. En canto á ampliación da dotación dos postos de bombeiro e condutor bombeiro, estímase suficientemente xustificada en canto se dixo no punto segundo, ao que cabe engadir a extraordinaria incidencia dos permisos oficiais vinculados á lactancia, nacemento, adopción, garda con fins de adop-

ción, ou acollemento (arrt. 3 do Real Decreto-ley 6/2019) no persoal de novo ingreso de relevo do de xubilación adiantada en aplicación do R.D. 383/2008.(...)"

4. Vacantes

4.1. Previsións das OEP 2020-2021-2022 que incorporan prazas do SPEIS pendentes de execución

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 se aprobaron as bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas Ofertas Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022. 1ª Fase. **Expte. 40095/220:**

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	-*	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	-*	-*
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CARREIRA	23	0
Conductor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	0
TOTAL PRAZAS OBXECTO DE CONVOCATORIA NA 1ª FASE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*	FUNCIONARIO DE CARREIRA	30	2

*As prazas de sarxenta/o (quenda libre) e cabo de extinción de incendios (quenda libre e promoción interna) serán obxecto de convocatoria nunha posterior fase.

No Boletín Oficial da provincia de Pontevedra núm. 107 do 3 de xuño de 2024 publicáronse as ditas bases, polo que, logo da finalización do prazo de interposición de recurso de reposición, deberán ser sometidas a aprobación definitiva e publicación no BOE da convocatoria cuxa calendarización e execución se desenvolverá con carácter prioritario, no marco do contrato de asistencia técnica de apoio á xestión de persoal (expte. 43754-220).

4.2. . Previsión da OEP 2023

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/12/2023, rectificado o 12/04/2024, se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023 (expte. 41400/220), no que se inclúen **10 prazas de bombeiros/as**.

4.3. Vacantes producidas en 2024

Bombeiros/as: se produciron **3 vacantes** (dotación 64) dende a data 26/05/2024, unha por falecemento (Expte. 44580/220) e 2 xubilacións no mes de xuño/2024 (dot. 48: Expte. 44107/220 e dot. 38: Expte. 43453/220)

Condutores/as bombeiros/as: **2 vacantes** por xubilacións no mes de xuño/2024 xubilacións (dot. 18: EXPTE. 43504/220 e dot. 20: expte. 43735/220)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

5. Proposta de programa remitida pola Área de Seguridade e Mobilidade

Con data de 17/07/2024, a través do documento núm. 240222484, as xefaturas da área de Seguridade e Mobilidade e SPEIS remitiron proposta de programa para a realización dos servizos extraordinarios do SPEIS., a cal incorpórase integramente ao apartado III deste informe proposta coas seguintes excepcións

a) Apartado 5.3, se corrixe a redacción do parágrafo, de xeito que, no canto de

“(...) En todo caso, para a asignación excepcional de xornadas estruturais nos descansos breves deberanse ter en conta as incidencias da xornada inmediata anterior dos funcionarios afectados, a modo de informe favorable do Xefe do Corpo”

Di o seguinte:

“(...) En todo caso, para a asignación excepcional de servizos extraordinarios nos descansos breves deberanse ter en conta as incidencias da garda inmediata anterior dos funcionarios afectados, a modo de informe favorable do Xefe do Corpo”

b) Apartado 6: se introduce como causa de exclusión non ter superado o recoñecemento médico previo e obrigatorio, todo elo, coa finalidade de manter a debida coherencia co disposto no apartado 9.4 que contempla a revisión dos recoñecementos médicos con carácter previo á proposta de resolución aprobatoria da listaxe de persoas que conforman o programa de servizos extraordinarios.

c) Apartado 7, ao último inciso *“Neste caso, poderase exceder o número máximo de gardas establecido con carácter xeral en ata 5 adicionais, con pleno respecto ás exixencias de saúde laboral”, se engade “nos termos indicados no informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 16/07/2024 e en calquera outro que se emita con posterioridade.”*

II. OBXECTO, NECESIDADE E RÉXIME XURÍDICO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SPEIS

1. Obxecto

O obxecto da proposta é aprobar o acordo marco do programa de realización dos servizos extraordinarios do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios (SPEIS), de acordo cos criterios sometidos á MXNF do 25/06/2024.

Dado que a finalidade do programa é garantir a cobertura dos servizos ordinarios, cunha duración inicial anual vinculada á previsión temporal de execución das ofertas de emprego 2020-2021-2022, e a adhesión ao mesmo terá carácter voluntario, deberá ser compatible co réxime de vacacións, permisos e licenzas establecidos na normativa reguladora do persoal estatutario.

2. Principios e criterios do programa

A regulación do programa ven motivada na necesidade de racionalizar a xestión do SPEIS fixando un número máximo de gardas extraordinarias susceptibles de ser realizadas polo persoal que se acolla voluntariamente, coas limitacións que resulten da xornada máxima determinada pola normativa vixente e dos informes que se emitan polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), determinando o réxime aplicable ao cálculo da contía da compensación económica das ditas gardas e/ou, no seu caso, a compensación con descansos, todo elo de conformidade cos principios de proporcionalidade e seguridade xurídica procedendo, tamén así, a fixar os criterios aplicables en relación cos servizos extraordinarios susceptibles de retribución, e a regular o procedemento para a

conformación das persoas participantes no programa con especificación dos requisitos e/ou condicións que debe cumprir, debendo respectarse os principios de igualdade, publicidade e transparencia.

O programa ten unha inequívoca vocación temporal, cunha duración inicial dun ano e está vinculado á incorporación dos efectivos resultante da execución das ofertas de emprego público (OEP) 2020-2021-2022.

3. Motivación.

O artigo 26.1.c) da Lei 78/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, contempla como un servizo de prestación obrigatoria en todos municipios con poboación de dereito superior aos 20.000 habitantes, o de prevención e extinción de incendios.

A pesares do anterior, debe destacarse tamén que, a ausencia de normativa reguladora do SPEIS municipal a nivel estatal e autonómico xera lagoas legais e múltiples criterios interpretativos, respecto dos límites de horarios para a súa realización así como o réxime quendas ou de descansos.

As limitacións nas OEP artelladas a través das sucesivas leis orzamentarias aprobadas a partires do ano 2009 mediante a denominada taxa de reposición de efectivos, así como, o condicionamento da mesma ao cumprimento de obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto, nos anos da crise económica, supuxeron unha importante limitación á incorporación de novo persoal imposibilitando dotar ao SPEIS da totalidade dos efectivos que se foron perdendo ao longo deses anos.

Por outra banda, o Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se estableceu o coeficiente redutor da idade de xubilación dos bombeiros ao servizo das administracións públicas, introduciu a posibilidade de acceder ao sistema de pensións cunha idade inferior aos 60 anos, ou á de 59 nos supostos en que se acrediten 35 ou máis anos de cotización efectiva, o que, deu lugar, á xubilación anticipada de 41 efectivos no ano 2011 no Concello de Vigo.

Ademais do anterior, producíronse diversas incidencias que atrasaron os procesos selectivos da execución das ofertas aprobadas no Concello de Vigo como foron a interposición de diversos recursos contra as mesmas e, fundamentalmente, a situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19 que motivou a suspensión dos términos e a interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público afectando ás convocatorias e prazos dos procesos selectivos o que, unha vez alzada a dita suspensión, levou aparellada a dificultade engadida da organización e desenvolvemento dos procesos de carácter masivo, como son os de bombeiros e condutores bombeiros, habida conta da necesaria observancia das restricións impostas polas autoridades sanitarias.

Deste xeito a execución das ofertas de emprego público 2017-2018-2019 non rematou ata 2021-2022 e foron nomeados, con cargo ás mesmas, **4 condutores/as bombeiros/as, 12 bombeiros/as e 5 sarxentos/as.**

Por outra banda, deben terse en conta as especialidades existentes na incorporación de novos efectivos ao SPEIS a cal non opera de xeito automático trala execución da oferta de emprego e a culminación do proceso selectivo, senón que prevé un período de prácticas ou curso selectivo cuxa superación é obrigatoria antes da incorporación do persoal con carácter definitivo, determinando, en caso contrario, a perda do dereito a ser nomeado funcionario/a de carreira.

Polo que respecta á situación actual do SPEIS, e segundo o informe de verificación de data 13/06/2024 emitido no expte. 44641-220 en relación cos postos 132 e 133:

a) **No posto 132 – Bombeiro/a** figuraban:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

- **19 vacantes cubertas interinamente** (dotacións 21, 27, 29, 35, 40, 46, 50, 52, 54, 56, 58, 60, 61, 66, 75, 83, 84, 85 e 86) por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 26/07/2021, 02/09/2021, 08/07/2022, 11/08/2023 (Exptes. 40094/220 e 38058/220), correspondentes coas vacantes incluídas nas OEP 2020 (6 prazas), OEP 2021 (6 prazas), OEP 2022 (5 prazas) e OEP 2023 (2 prazas).
- **15 vacantes libres** (dotacións 2, 36, 42, 44, 57, 64, 67, 77, 80, 87, 88, 89 e 90), das cales:
 - 1 vacante – OEP 2020
 - 5 vacantes – OEP 2022
 - 6 vacantes – OEP 2023
 - 3 vacantes (dotación 64) dende a data 26/05/2024, por falecemento do titular (Expte. 44580/220) e 2 xubilacións no mes de xuño/2024 (dot. 48: Expte. 44107/220 e dot. 38: Expte. 43453/220)

En definitiva, existirían 34 vacantes **no posto 132 Bombeiro/a**, das cales 19 estarían cubertas interinamente e, dentro delas, 17 corresponden ás OEP 2020-2021-2022 cuxa execución se atopa en tramitación, xa que, tal e como se expuxo anteriormente, trala finalización do prazo de alegacións á aprobación inicial das bases xerais e específicas, está pendente a aprobación definitiva e a convocatoria do proceso selectivo.

b) No **Posto 133- Conductor bombeiro** (41 dotacións en total segundo vixente RPT: 31 ocupadas funcionario/a carreira, 3 cubertas interinamente, 1 vacante reservada, 4 vacantes libres correspondentes á OEP 2022.

No mes de xuño/2024 se produciron dúas xubilacións (dot. 18: EXPTE. 43504/220 e dot. 20: expte. 43735/220)

Polo, tanto 6 vacantes libres non ocupadas interinamente.

c) No **posto 122 Cabo**, existen 4 vacantes libres non ocupadas interinamente, correspondentes á/s OEP 2021-2022.

d) No **posto 98 Sarxento xefe parque extinción de incendios**, existen 4 vacantes libres non ocupadas interinamente, correspondentes á/s OEP 2021-2022.

Polo tanto, á vista dos informes de verificación e vacantes producidas con posterioridade, as vacantes libres na data son as que se indican no seguinte cadro:

POSTO	NÚMERO VACANTES NON OCUPADAS INTERINAMENTE
BOMBEIRO/A	15
CONDUTOR/A BOMBEIRO/A	6
CABO	4
SARXENTO	4
TOTAIS	29

Á vista do exposto, o obxecto deste programa é establecer un marco para a organización dos servizos extraordinarios que resulten necesarios e a súa retribución mediante gratificacións, sen prexuízo dos descansos que se podan acordar ao efecto, e á vista do informe que se emita polo SPRL, polo que resulta preciso adoptar, con carácter transitorio e atendendo a necesidades de natureza coxuntural, medidas provisionais que permitan realizar con toda garantía una prestación adecuada do servizo, entre as que se atopa este programa.

En resumo, o programa atende á finalidade de procurar unha mellora na prestación do SPEIS, en tanto non se executan as OEP 2020-2021-2022, xa que, esta oferta de prazas, tras a conclusión dos procedementos selectivos e do período de formación necesario, fará posible la incorporación de novo persoal con carácter definitivo.

Asemade, foi obxecto da mesa de negociación a previsión da posible ampliación de plantilla do SPEIS nos termos expostos no apartado 3º dos antecedentes, o que, para facerse efectivo, non obstante, deberá respectar as previsións normativas de inescusable cumprimento, entre elas, as que se refiren ás limitacións orzamentarias sobre o equilibrio financeiro e a sostibilidade económica do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais, debendo terse en conta, tamén, o ámbito definido polo resultado do proceso de análise e valoración de postos de traballo actualmente en curso, tras a adxudicación e sinatura do contrato maior de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada tramitado en expediente n.º 43.010-220, dada a incidencia que poden ter no proceso avaliativo actualmente en curso os acordos que se adopten entre as partes.

4. Normativa de aplicación

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución do vixente orzamento 2024.
- Resolución de 28 de febreiro de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo.
- Ley 7/1990, de 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.
- Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo
- Regulamento do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios do Concello de Vigo (RSPEIS).

III. PROPOSTA DE PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

PROPOSTA DA ÁREA DE SEGURIDADE

1. Duración

Establécese unha duración anual, a contar dende a data de aprobación do acordo pola Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Tres meses antes da conclusión do programa, a Área de Seguridade e Mobilidade avaliará o seu funcionamento e resultados. En caso de que apreciase necesidades do servizo que puidesen aconsellar a prórroga ou a aprobación dun novo programa, remitirá proposta debidamente motivada a Área de Recursos Humanos e Formación, para a súa tramitación.

2. Número máximo de horas do programa

En ningún caso o número de horas en exceso a autorizar no trimestre poderá exceder do resultante de multiplicar a xornada legal aplicable (1642 horas) polo número de prazas vacantes non ocupadas interinamente na data de aprobación da proposta, e sen prexuízo da súa posible minoración, ao longo do desenvolvemento do programa, no caso de que se produza a incorporación de novo persoal con cargo ás vacantes, o que deberá ser obxecto de comprobación, con carácter previo a autorización trimestral da realización de servizos extraordinarios.

3. Carácter voluntario da incorporación

Dado o carácter voluntario de participación no programa, poderá formar parte do mesmo todo o persoal do SPEIS que así o solicite expresamente no prazo establecido na convocatoria, e declare o coñecemento e conformidade das condicións nas que deberá realizarse aquel.

Non entanto, unha vez adscritos ao programa, os/as interesados/as veñen obrigados/as ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo, salvo causa sobrevida debidamente motivada que o impida.

Todo o anterior se entende sen prexuízo das obrigas ás que se suxeitan, de xeito inescusable, todos os membros do SPEIS ao deber de dar resposta axeitada ante situacións excepcionais e de emerxencia (art. 3 e 8 do RSPEIS)

4. Autorización dos servizos extraordinarios

A realización dos servizos extraordinarios do programa e a súa distribución será autorizada, trimestralmente, pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, previa proposta formulada pola Área de RRHH e Formación conformada pola Concelleira delegada de RRHH á vista do informe e solicitude das xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade.

Con carácter previo á autorización, deberá emitirse informe de existencia de crédito para o gasto proposto na aplicación orzamentaria 9200151000

5. Número de gardas de servizos extraordinarios, distribución, duración e horarios

Fíxase un número máximo de gardas que pode realizar un efectivo debendo establecerse, tamén, o número de horas de duración da garda e o número de horas mínimo de descanso entre gardas, todo o cal estará condicionado ao que resulte da valoración do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), co fin de garantir que ningún participante no programa realice un número de gardas que resulte contrario á normativa de prevención de riscos laborais.

A adhesión ao programa non garante ás persoas participantes a realización dun mínimo de gardas, xa que, as gardas efectivas virán determinadas polas necesidades organizativas do

servizo. No entanto o número máximo de gardas que pode realizar cada efectivo establecido neste programa ten carácter limitativo, e non se poderán superar, en ningún caso.

1. Estímase que a participación no programa podería supor a realización dun máximo de 17 gardas durante os doce meses de duración daquel, quedando condicionada a súa realización efectiva ás necesidades organizativas do programa, gardando a debida proporción, sen que en ningún caso se poidan superar as 17 gardas que se determinan como o número máximo de gardas anuais por cada efectivo.

2. En canto á duración das gardas e a súa realización programárase coa aprobación do calendario anual e as súas modificacións. As gardas poderán realizarse por tramos horarios cunha duración mínima de 4 horas e un máximo de 24 horas, sempre que resulten máis beneficiosas en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto aos demais dereitos estatutarios do persoal.

3 . Na asignación das gardas de servizos extraordinarios respectarase, de acordo co horario acordado na MXNF 25/06/2024, a secuencia dos descansos breves e non se realizará máis dunha garda no mesmo treito dos descansos longos.

Esta limitación non resultará de aplicación naquelas situacións que, incidindo directamente na asignación xa programada das xornadas e determinando a súa necesidade, resulten imprevisibles ou inevitables e impidan a súa realización.

En todo caso, para a asignación excepcional de servizos extraordinarios nos descansos breves deberanse ter en conta as incidencias da garda inmediata anterior dos funcionarios afectados, a modo de informe favorable do Xefe do Corpo.

4. A realización de servizos extraordinarios que non poidan programarse con antelación comunicaranse ao persoal afectado tan pronto como xurda a súa necesidade, e se as circunstancias o permiten, con **24 horas de antelación**, deixando constancia expresa no expediente das circunstancias concorrentes.

6. Condicións dos participantes no programa e causas de exclusión

Poderán participar no programa o persoal do SPEIS en situación de servizo activo e nomeado con cargo a prazas de Bombeiro, Conductor Bombeiro, Cabo, Sarxento, con excepción daqueles efectivos que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

- Ter cumprida a idade de xubilación anticipada en aplicación do disposto no R.D. 383/2008
- Estar afectado/a por limitacións e/ou exclusións recollidas nos informes de valoración emitidos polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) ou nos informes de vixilancia da saúde ou calquera outro de preceptiva observancia.
- Non ter superado o recoñecemento médico previo e obrigatorio.
- Non subscribir a Declaración de conformidade coas condicións do programa.

No caso de ter concedida a redución da xornada por calquera causa recollida na lexislación vixente, a participación no programa de servizos extraordinarios virá determinada proporcionalmente en función da dita xornada mediante a realización de gardas fraccionadas que sexan compatibles co respecto ao dereito de conciliación da vida persoal e familiar.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

7. Gardas programadas e gardas en función das necesidades

As gardas efectivas virán determinadas polas necesidades organizativas do servizo.

Na medida do posible, ata once gardas poderán ser programadas co calendario laboral e as súas modificacións, co fin de garantir a prestación dos servizos ordinarios e respectar os dereitos de conciliación da vida persoal e familiar.

Así mesmo, recorrerase prioritariamente ás horas autorizadas neste programa para a realización de servizos extraordinarios en exceso da xornada, en calquera circunstancia extraordinaria da incumbencia do servizo debidamente apreciadas pola Xefatura do SPEIS (alertas meteorolóxicas, eventos públicos, campañas de prevención, etc...), sen prexuízo das obrigas ás que se suxeitan, de xeito inescusable, todos os membros do SPEIS ao deber de dar resposta axeitada ante situacións excepcionais e de emerxencia (art. 3 e 8 do RSPEIS).

No caso de que a garda asignada como servizo extraordinario coincida cun permiso, situación de ausencia ou incapacidade temporal do/a interesado/a, non se realizará ou se reasignará ao mesmo efectivo, xa que as gardas en exceso de xornada non realizadas non serán acumulables e poderán ser reasignadas a outros efectivos integrados no programa. Neste caso poderase exceder o número máximo de gardas establecido con carácter xeral en ata 5 adicionais, con pleno respecto ás esixencias de saúde laboral, nos termos indicados no informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 16/07/2024 e en calquera outro que se emita con posterioridade.

8. Vacacións

O persoal funcionario participante non realizará os servizos extraordinarios en exceso de xornada previsto neste programa durante as súas vacacións.

9. Convocatoria anual do programa

9.1. Inicio

O procedemento para a conformación das persoas participantes no programa se iniciará de oficio, por Resolución da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal á proposta das xefaturas do SPEIS e área de Seguridade e Mobilidade.

9.2. Publicación

A convocatoria se publicará nos avisos intranet municipal, e no portal do emprego sen prexuízo da utilización doutros medios adicionais de publicidade, debendo convocarse nalgún medio que permita acreditar cando se publicou e o tempo que estivo publicada para a súa axeitada constancia.

9.3. Presentación

O prazo de presentación de solicitudes se fixará na convocatoria sen que poda ser inferior a 5 días hábiles.

Lugar e forma de presentación: as persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes ao SPEIS no MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA E DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONFORMIDADE COAS CONDICIÓNS (ANEXO I), aprobado na convocatoria e dirixido ao SPEIS, e que deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

9.4. Informes e resolución

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no programa as xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade solicitarán informe ao Servizo de Prevención de

Riscos Laborais realizándose a revisión dos últimos recoñecementos médicos, elevarán á concelleira delegada da área de Goberno de Seguridade a proposta de resolución aprobatoria da Listaxe de persoas que conforman o programa de servizos extraordinarios.

A dita resolución estará suxeita ao mesmo réxime de publicidade que a convocatoria (intranet, portal do empregado). Non obstante, as causas concretas de exclusión deberán ser obxecto de notificación individual ás persoas interesadas.

10. Xestión do Programa

A xefatura do SPEIS comunicará ao persoal adherido ao programa por medio de aplicación informática de xestión do SPEIS GESTPARQUES, e con antelación as asignacións de gardas correspondentes a **servizos extraordinarios programados** para a súa realización no trimestre, con indicación do centro de traballo de realización das horas/gardas.

As asignacións das **gardas extraordinarias non programadas** se comunicarán por medio de mensaxería instantánea ao número de teléfono indicado na solicitude, a través da aplicación informática de xestión do SPEIS GESTPARQUES.

No caso de servizos extraordinarios non programados as comunicacións das asignacións se realizarán tan pronto como xurda a súa necesidade e, **se as circunstancias o permiten**, cun tempo mínimo de preaviso de **24 horas**.

11. Retribución ou compensación das gardas

As horas/gardas realizadas en exceso da xornada ordinaria serán obxecto de retribución económica mediante gratificacións por servizos extraordinarios. Poderán ser obxecto de compensación horaria con descansos, en función da organización dos operativos polas xefaturas do SPEIS e Área de Seguridade e Mobilidade de acordo cos criterios establecidos polo SPRL.

Ao respecto, a Xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade+, e a Xefatura do SPEIS deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade do servizo de Prevención e Extinción de Incendios.

12. Tramitación

12.1. Autorización previa para a realización servizos extraordinarios

Antes do inicio do trimestre ao que corresponda a autorización dos servizos extraordinarios, as xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade e Mobilidade remitirán a solicitude de autorización á Área de RRHH e Formación cumprimentada conforme ao ANEXO I (MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS EXTRAORDINARIOS), indicando o número máximo de horas a realizar no trimestre por cada unha categorías ou postos, previa verificación do número de prazas vacantes existentes na plantilla non ocupadas interinamente, así como, da súa cuantificación económica, co obxecto de tramitar a oportuna transferencia orzamentaria para incrementar, de ser necesario, a aplicación correspondente ás gratificacións por servizos extraordinarios.

Á vista da solicitude, e tralas oportunas comprobacións, se elevará proposta pola Área de RRHH e Formación para a súa aprobación pola concellería delegada da área competente, previo informe favorable de fiscalización.

A previa a autorización de servizos extraordinarios deberá tramitarse inescusablemente con antelación suficiente ao inicio de cada un dos trimestres aos que abrangue este programa temporal.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

12.2. Aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios

Transcorrido o trimestre no que se teña autorizado a realización de servizos extraordinarios a xefatura do SPEIS e da Área de Seguridade e Mobilidade deberán remitir á Área de RRHH e Formación informe trimestral xustificativo da realización das horas/gardas e a solicitude de aboamento co contido que se establece no ANEXO II (MODELO DE INFORME E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA XEFATURA DO SERVIZO), debendo reflectir o número de horas/gardas realizadas por cada efectivo en exceso de xornada, a data de realización e os servizos ou actuacións efectuados.

Á vista do que antecede será formulada proposta pola Área de RRHH e Formación coa conformidade da concelleira delegada e, logo de ser sometida a fiscalización, de resultar favorable, será ditada a Resolución pola Concellería da Área autorizando o aboamento e se fará o pago efectivo.

IV. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Réxime das gratificacións por servizos extraordinarios

O art. 26.1.c) LBRLL contempla como Servizo municipal obrigatorio en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, o de Prevención e Extinción de Incendios

Non obstante, non existe normativa estatal ou autonómica reguladora do Corpo de Bombeiros, en desenvolvemento do previsto na D.F.3ª da LBRLL sobre o Estatuto específico do Corpo de Bombeiros, sendo de aplicación, en tanto non se produza a súa aprobación, a D.T.5ª do RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL), normativa de todo insuficiente que se limita a clasificación das categorías do persoal sen abordar a regulación das especialidades e particularidades organizativas deste servizo.

Polo que se refire á clase de persoal do Servizo de Extinción de Incendios: Os art. 167.3.b) e 171.2.b) TRRL, o encadran na Escala de administración especial, subescala de servizos especiais.

a) Réxime retributivo. Gratificacións

O persoal ao servizo da Administración Local, goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRLL) no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da LBRLL. Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que *“as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública”*(apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asimesmo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2). O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da LBRLL, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto,

de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que o propio TREBEP deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendéndose pola doutrina especializada a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta do propio TREBEP).

O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local recolle no seu artigo 6.3 como retribución complementaria non fixa nin periódica *“las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo”*.

b) Materias suxeitas a negociación colectiva

A negociación colectiva das condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical, e o previsto no capítulo IV do Título II do TREBEP (artigo 33 e 37)

En virtude do anterior foron sometidas á MXNF do 25/06/2024 as propostas de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo e de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios, segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal.

c) Regulamento do SPEIS.

O carácter voluntario da adhesión ao programa para a realización de servizos extraordinarios, tratándose dun servizo de emerxencia, deberá ser interpretado sen prexuízo do establecido no art. 3 e 8 do RSPEIS para todos o os efectivos que conforman o persoal do SPEIS cuxa incorporación é obrigatoria en situacións excepcionais e de emerxencia.

d) Ámbito temporal do programa

O programa para a realización de servizos extraordinarios se desenvolverá nun ámbito temporal claramente delimitado e por un período máximo de 12 meses, vinculado á execución das ofertas de emprego público 2020-2021-2022, sen prexuízo de que, antes da conclusión do programa, a Área de Seguridade e Mobilidade deberá realizar a avaliación do seu funcionamento e resultados de xeito que, no caso de que apreciase necesidades do servizo que, ao seu xuízo, puidesen aconsellar a prórroga ou a aprobación dun novo programa, remitirá proposta debidamente motivada a Área de Recursos Humanos e Formación, para a súa tramitación.

e) Disposición de crédito

Tal e como dispón o art. 184.1 do TRLFL, e a Base 16ª de execución do orzamento, sen excepción algunha, a autorización do gasto requirirá a incoación do expediente correspondente sempre coa xustificación previa das necesidades, ben a instancias da xefatura de área ou do servizo que houbera de dirixir, fiscalizar ou intervir na execución do acto que orixine o gasto

A teor da Base 38ª a fiscalización previa de obrigas ou gastos de persoal realizarase mediante a comprobación da existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

2. Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Consta no expediente informe do servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 16/07/2024, emitido con respecto á proposta do programa de data 16/07/2024 das xefaturas de área de Seguridade e Mobilidade e Servizo de Extinción e Prevención de Incendios.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

3. Fiscalización previa

A proposta debe someterse á fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223), e aos efectos de verificación da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 92001510000.

4. Competencia

Correspóndelle a competencia á Xunta do Goberno Local consonte ao disposto no art. 127.1.g) e h) da LRBRL.

De cara á garantir o funcionamento eficaz do programa cuxo desenvolvemento require a autorización trimestral previa á realización de servizos extraordinarios, resulta procedente, delegar nas Concellerías delegadas de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución deste acordo, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, habilitando ás concellerías competentes en materia de seguridade e de recursos humanos para a realización das actuacións administrativas de implementación do mesmo, nos termos das respectivas competencias determinadas no vixente réxime de delegacións competenciais interorgánicas todo elo sen prexuízo, dos servizos extraordinarios que deriven das necesidades do SPEIS e que poderán lugar ás gratificacións que legalmente procedan.

SEGUNDO.- Autorizar ás xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade a organización e desenvolvemento do Acordo Marco do programa para a realización e retribución de servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) para un período máximo de 12 meses, e que deberá desenvolverse de acordo coa previsto na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

TERCEIRO.- Aos efectos de garantir os recursos axeitados e suficientes para dar cobertura ao programa, á entrada do trimestre, coa tramitación da autorización das necesidades a cubrir no período, procederase a facer unha retención de crédito na aplicación [1360.1510000](#) pola contía do gasto correspondente ao trimestre. Se a devandita aplicación non tivese dispoñibilidade orzamentaria suficiente, a Área de RRHH e Formación, tramitará unha modificación orzamentaria transferindo créditos das prazas vacantes do programa 1360 á partida 1510000. A cuantificación das necesidades trimestrais resultarán do nº de servizos extraordinarios (gardas) polas horas de cada garda, polo número de efectivos asociadas as mesmas e polo prezo hora de cada posto.

CUARTO.- Delegar nas Concellerías delegadas de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución deste acordo, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

QUINTO. Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá implicar o incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado, sendo responsabilidade directa das xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade a non superación dos

límites citados, a salvo de circunstancias de extrema e excepcional gravidade e necesidade, nos termos da lexislación vixente e debidamente motivados.

SEXTO.- Déase traslado do presente acordo ás correspondentes áreas, servizos e concellerías, así como á Intervención Xeral, á Dirección Superior Contable e Orzamentación, aos sindicatos e órganos de representación; e procédase á súa exposición pública no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento. Todo o cal, coa indicación de que, contra o precedente acordo se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(620).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE “SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL” POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 44255/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/07/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación ,Festas e Xestión Municipal do 19/07/2024 (expediente 44255/220), resolveuse:

“Primeiro.- Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo vacante de “Secretaria/o de Administración Municipal” do Concello de Vigo, referencia do posto 1100102 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/2023), nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación, en dependencia orgánica e funcional dos dous órganos directivos da Secretaría (Secretaría do Goberno Local e Secretaría do Pleno) no Concello de Vigo consonte ao establecido no art. 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, citada, respecto dos órganos directivos municipais nos municipios sometidos ao réxime de gran poboación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Segundo.- Nomear a D^a P.C. Saborido Díaz, con DNI ***5355**, Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscrición ao posto 1100102 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/2023) para o exercicio das funcións previstas no art. 15 do Real Decreto 2568/1986, do 16 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Excma. Alcaldía, na súa condición de órgano delegante, dando conta á Xunta de Goberno Local, ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo, ao organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" (Concelleira da Área de Goberno e Xerente) para os efectos da suplencia que corresponda en caso de ausencia, vacante ou enfermidade do funcionario Secretario do Pleno na forma contemplada no art. 15, apartado 3 do citado RD 128/2018, do 16 de marzo; e traslado daquela ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia) e ao Ministerio para a Transformación Dixital e a Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) para a publicación no Boletín Oficial do Estado e anotación e/ou rexistro procedentes, notificando igualmente ás persoas interesadas.

Cuarto.- Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Alcaldía de data 03/07/2023, proponse ao órgano competente:

ÚNICO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "Secretaria/o de Administración Municipal" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación , Festas e Xestión Municipaldo 19/07/2024 (expediente 44255/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "Secretaria/o de Administración Municipal" do Concello de Vigo.

10(621).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN KV2211 PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE

CONCERTOS DA ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 2024. EXPTE. 5588/330.

Visto o informe xurídico do 16/07/2024 e o informe de fiscalización do 05/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/07/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 13 de xuño do 2024, a "Asociación KV2211" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos da Orquestra Infantil e Xuvenil de Vigo KV2211 a realizar durante o exercicio 2024; por este motivo, con data 26 de xuño do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade "**ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211". A ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 25 de Novembro 2023: Concerto de Santa Icia

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural Helios de Bembrive

Domingo 17 de decembro 2023: Concerto de Nadal 2023. "Vigo é Nadal, Vigo é Música"

Formación: Ensemble de Chelos, Orquestra Infantil, Xuvenil, Tutti e coro de amigos da Kv2211

Lugar: Auditorio do CSM de Vigo

Sábado 8 de xaneiro 2024: Concerto de Aninovo. "Aninovo Musical"

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 23 de marzo 2024: Reconquista. "Música para unha reconquista"



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Formación: Ensemble de Chelos, Orquestra Infantil e coro
Lugar: Igrexa Colexiata

14 e 24 Xuño 2024: Programación TAC

Formación: Ensemble Kv2211, Orquestra Infantil e ensemble de Chelos Kv2211
Lugar: Porta do Sol

Domingo 23 de xuño 2024: Día da Música

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 19 de outubro: Música clásica po las parroquias

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil
Lugar: Auditorio de algún centro cultural das parroquias de Vigo (Pendente de confirmar)

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 12.465 € (doce mil catrocentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 2.465 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 02.07.2024 (doc.240212048).

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación KV2211" para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "Asociación Kv2211", para a organización do programa de concertos do ano 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Asociación KV2211" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación KV2211" ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" a realizar durante o exercicio 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.21** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación KV2211” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Aos efectos previstos no artigo 29 da LXS, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e teñan relación directa coa súa execución. **A facturación xustificativa correspondente deberá ter data do período comprendido entre o 15 de novembro do 2023 e como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Asociación KV2211, CIF. G-27860667, para o financiamento do programa de concertos da “ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211” a realizar durante o exercicio 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á

aplicación orzamentaria 3340.480.00.21 "ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL KV2211", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación KV2211 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da "ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211" do ano 2024".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 DO ANO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. José Manuel Fernández Rosado, na súa condición de presidente do "Asociación KV2211" (CIF: G-27860667) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cerqueiro núm. 3, 1º F, CP 36212 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade "**ASOCIACIÓN KV2211**" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da Orquestra infantil e xuvenil de Vigo KV2211. A Orquestra KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "ASOCIACIÓN KV2211", como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.21, como subvención nominativa, a favor da "ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211", a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a "ASOCIACIÓN KV2211" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos da ORQUESTA CLÁSICA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 durante o exercicio 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 12.465 € (doce mil catrocentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 2.495 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 25 de Novembro 2023: Concerto de Santa Icia

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural Helios de Bembrive

Domingo 17 de decembro 2023: Concerto de Nadal 2023. “Vigo é Nadal, Vigo é Música”

Formación: Ensemble de Chelos, Orquestra Infantil, Xuvenil, Tutti e coro de amigos da Kv2211

Lugar: Auditorio do CSM de Vigo

Sábado 8 de xaneiro 2024: Concerto de Aninovo. “Aninovo Musical”

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Centro Cultural de Beade

Sábado 23 de marzo 2024: Reconquista. “Música para unha reconquista”

Formación: Ensemble de Chelos, Orquestra Infantil e coro

Lugar: Igrexa Colexiata

14 e 24 Xuño 2024: Programación TAC

Formación: Ensemble Kv2211, Orquestra Infantil e ensemble de Chelos Kv2211

Lugar: Porta do Sol

Domingo 23 de xuño 2024: Día da Música

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

Sábado 19 de outubro: Música clásica po las parroquias

Formación: Orquestra Infantil e Xuvenil

Lugar: Auditorio de algún centro cultural das parroquias de Vigo (Pendente de confirmar)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Amancio Fernández Pérez, tesoureiro da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2.Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

A facturación xustificativa correspondente deberá ter data do período comprendido entre o 15 de novembro do 2023 e como máximo de data dos dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2024

GASTOS.....	12.465,00 €
- Aluger local ensaio.....	2000,00 €
- Colaboracións musicais nos concertos.....	6000,00 €
- Arreglos e adaptacións de obras.....	500,00 €
- Partituras.....	500,00 €
- Compra material de orquestra.....	750,00 €
- Gastos de produción.....	500,00 €
- Gastos de xestoría.....	550,00 €
- Seguro de accidentes	430,00 €
- Seguro de R.C.....	435,00 €
- Programas e cartelería concertos.....	300,00 €
- Limpeza/Montaxe e desmontaxe local de ensaios.....	500,00 €
INGRESOS.....	12.465,00 €
- Aportación Concello de Vigo.....	10.000,00 €
- Recursos propios Asociación kv2211	2.465,00 €

11(622).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “IX FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS” DURANTE O EXERCICIO 2024. EXPTE. 5601/330.

Visto o informe xurídico do 12/07/2024 e o informe de fiscalización do 01/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/07/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de xuño do 2024, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do " IX Festival da Música e das Artes nas Ondas 2024"; por este motivo, con data 27 de xuño, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O Conservatorio Superior de Música de Vigo é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa **FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”**, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa do “ IX FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2024” foi o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Febreiro			
Martes 20 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Ucrania Docentes da Ukrainian National Tchaikovsky Academy of Music – Kiev	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Xoves 22 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Ucrania Docentes da Kharkiv "I.P. Kotlyarevsky" National University Of Arts	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Luns 26 19 h	Gambistas de Son das Flores Un proxecto colaborativo entre a clase de viola da gamba do CSMVigo e a Orquestra Son das Flores	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Luns 26 e Martes 27	Introducción á danza histórica e a súa aplicación práctica para músicos Docente: Diego Ruenes	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Aula de Orquestra e Auditorio Martín Códax
Martes 27 de 18 h a 20 h	"Corpos Sonoros" Improvisacións entre a Música Antiga e a Danza Contemporánea	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Mércores 28 19 h	Recital de clave. Obras de Purcell, Bach, Scarlatti Olha Dotsenko, clave	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Xoves 29 20 h	Ye Gentle Spirits Orquestra barroca do CSMVigo. Dirección: Pavel Amilcar e Rafael Muñoz	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Marzo			
Luns 4 20 h	When in silence of the soul. Fanny Mendelssohn e o seu tempo Presentación de CD Paula Ríos, Piano	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Martes 5 20 h	Un viaxe pianístico Cristina Redondo, Diana Lisnychya e Nicolás Alén	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Mércores 6 20 h	El piano en la música española Mirta Arribas, David Buceta , Alba Feijoo, Sergio Rodríguez, Oscar Paniagua (piano), Livia Leal, Bohdana Khita (canto)	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Xoves 7 20 h	"Dirixir e tocar... Todo é interpretar" Divertimentos con piano de Haydn e Mozart Clases de piano de Nicasio Gradaille e de dirección de Javier Viceiro	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Xoves 7 15 h	"Harpichord Universe: Cultural Contexts of the Munich and Ukrainian Schools of Music" (Relatorio online) Olha Dotsenko (Relatora)	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Relatorio online
Venres 8 20:30 h	A Consort Fantasy, música para voz e consort de violas de Henry Purcell Consort de violas da Gamba do CSMVigo, Rafael Muñoz (archiláud) e Magna Ferreira. Sara Ruiz (dirección) Concerto en colaboración co II Festival de Música Antigua Ai Ondas e a Asociación Coro de voces Graves de Vigo	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Igrexa de San Francisco (O Berbés)

Martes 12 20 h	ClariNext III Concerto clarinete e piano: Javier Pousa Cabaleiro (clarinete) e Severino Ortiz Rey (piano)	V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE	Auditorio Martín Códax
Mércores 13 20h	Concerto alumnado Erasmus+ da V Semana Internacional do Clarinete	V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE	Auditorio Martín Códax
Xoves 14 19:30 h	Concerto profesorado convidado Erasmus+ Teddy Ezra, Chen Halevi, Barbara Borowicz, Csaba Pálfi, Anton Dressler, Roberto D'Urbano, Lorenzo Coppola (clarinete). Severino Ortiz e Imre Dani (piano)	V SEMANA INTERNACIONAL DO CLARINETE	Auditorio Martín Códax
Martes 19 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Balcáns	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Xoves 21 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Balcáns	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Abril			
Xoves 4 20 h	«Sons de proximidade». A fruta en Galicia e Portugal Adriana Ferreira (fruta travesa), Fernando Raña Barreiro (fruta travesa) e Rasa Biveiniene Yakutyte (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Xoves 11 20 h	TAMBATÁ Carlos Docampo, Alberto López e Roi Adrio	PERCUSIÓNFEST	Auditorio Martín Códax
Venres 12 20 h	Concerto compartido CMUS Profesional de A Coruña, CMUS Profesional de Carballiño, CSM A Coruña, CMUS Profesional de Vigo e CSM Vigo	PERCUSIÓNFEST	Auditorio Martín Códax
Martes 16 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Asia	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Xoves 18 20 h	Semana Internacional Erasmus – Docentes Asia Docentes do "Kurmangazy Kazakh National Conservatory" - Almaty - (Kazajistán)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Martes 23 20 h	Aula de Saxofón do Cmus Profesional de Música de Vigo Candela Teijeira Pérez, Inés Santana Vilar, Rubén Guerreiro Álvarez, Iago Ríos Monge e Diego Campo Meréns. Profesores: Patricia Cadaveira Martínez e Alexandre Gallego Medal	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Mércores 24 20 h	Stage: Dúo saxofón e piano Bruno Santos (saxofón barítono) Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 25 20h	Recital de saxofón Juana Palop Tecles (saxofón) Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Venres 26 20 h	Recital de saxofón Alvaro Collao de León	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Martes 30 20 h	... música, onte-hoxe... Manuel Morales (fruta) e Raúl Rodríguez (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Maio			



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Xoves 2 20 h	Trio clarinete, violonchelo e piano Esteban Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina Garcia (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Luns 6, 19 h	Orquestra do CMUS Profesional de Ourense Raquel Carrera Álvarez (directora)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
Martes 7 20 h	Un percorrido pola América do S. XX Orquestra Sinfónica do CMUS Profesional de Santiago de Compostela. Carmen María Ferreiro Soto (directora)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
Mércores 8 20 h	Coro do CSMVigo Amalia Guerrero Rocha (directora)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
Xoves 09 18 h	Orquestra Sinfónica do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
Xoves 09 20 h	Banda de Música do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director) Javier Jurado Luque (presentación)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
Martes 14 20 h	Concerto de poesía musicada Departamentos de Canto, IMTP, Produción e Xestión e Equipo Dinamización da Lingua Galega	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 16 20 h	Oito séculos de guitarra galega Isabel Rei Samartín, guitarra e comentarios	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Martes 21 20 h	A frauta e a arpa en Galicia Fernando Raña (frauta travesa) e Alba Barreiro (arpa)	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 23 20 h	D. Shostakovich: Sinfonía nº 15, en La maior, Op. 141 Mario Peris (Violín), Álvaro Quintanilla (Violonchelo), Nicasio Gradaille (Piano), Carlos Castro, David Rodríguez e Pablo Soto (Percusión)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Martes 28 20 h	"QUEL SGUARDO" Beatriz Arenas (soprano) e Diego Ruenes (clave)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Xoves 30 20 h	Conversacións Románticas Mario Peris (Violín), Vania Collazo (Violín) Laura Puga (Viola), Alvaro Quintanilla (Violoncello), Severino Ortiz (Piano) e José Antonio Campo (Tenor)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Xuño			
Martes 4 20 h	Concerto de premiados no X Concurso de Música de Cámara do CSMVigo	ABRENTE	Auditorio de Praza do Rei
Martes 11 20 h	Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2023-24	ACTO GRADUACIÓN	Auditorio Martín Códax

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 7.565,63 € (sete mil cincocentos sesenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- A chega da entidade : 3.565,63 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do " IX Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2024", rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao "Conservatorio Superior de Música de Vigo", para a organización do " IX Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2024", se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do "**IX FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2024**" figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, CIF. Q-8650014G, para o financiamento do IX Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA. FESTIVAL NAS ONDAS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1.E de responsabilidade da Entidade :

- a)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- b)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos

mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

c) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSMVigo.

3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Gastos subvencionables:

Aos efectos previstos no artigo 29 da LXS, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e teñan relación directa coa súa execución. **A facturación xustificativa correspondente deberá ter data do período comprendido entre o 15 de novembro do 2023 e como máximo de data dos dous meses posteriores a última das actividades financiadas.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidamente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a

diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(623).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2024. EXPTE. 5650/330.

Visto o informe xurídico de data 19/07/2024, o informe de fiscalización do 02/08/2024, sométese a aprobación do informe-proposta de data 17/07/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decretos de delegación de competencias de datas 20 de xuño do 2023 e 28 de xuño de 2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno, delegan na concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade "a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería de Cultura organiza semestralmente a programación estable municipal das artes escénicas, con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, as fins de semana de setembro a novembro.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este semestre contémpanse un total de 26 espectáculos que suporían un total de 100.981.05 euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 14.405.50 euros, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante 86.575.55 euros.

A programación do segundo semestre de 2024 foi aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e, Igualdade o 5 de xullo do 2024.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2024, concretamente ás aplicacións seguintes que teñen saldo adecuado e suficiente:

- 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal"

Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificadas a AGADIC e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará as correspondentes xeracións de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración 14.405.50 euros na partida orzamentaria da Área de Cultura 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do primeiro semestre do ano 2025 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita representación escénica a través da achega de AGADIC de 14.405.50 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

Á vista do exposto, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

“Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a “Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic”, polo importe total de 100.981.05 euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 14.405.50 euros, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante 86.575.55 euros, para o financiamento de espectáculos incluídos na programación da rede galega de teatros e auditorios no segundo semestre do ano 2024, aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do 5 de xullo do 2024”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2024.

COMPARECEN

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con NIF Q6550009B, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, María Carmen Silva Rego, representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H), en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

SEGUNDO. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na chegada de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

TERCEIRO. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

CUARTO. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

QUINTO. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

SEXTO. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

SÉTIMO. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

OITVAO. CONCELLO DE VIGO , e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído plan estratéxico de convenios da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2024.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.-OBXECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2024 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ENTIDADE

Mediante a sinatura deste convenio CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa legislación contractual aplicable e vixente.
- b Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, os horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios,, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.
- g Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

TERCEIRA.-OBRIGAS DA AGADIC

A axencia, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **100,981.05 euros** importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de 14,405.50 euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 10A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2024.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de **86,575.55 euros** impostos incluídos.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

O importe económico asumido de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Programación	Compañía/Grupo	Espectáculo/Concerto	Data	Lugar	€ AGADIC	€ Prog
PI	TEATRO PARAISO S.A.	ENTRECAJAS	06-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,628.00	2,442.00
PA	PENTACION, S.A.	CAMINO AL ZOO	11-10-20 24	Auditorio Municipal de Vigo	0.00	12,705.00
PA	Amorodio Teatro	Cortello de Amor	12-10-20 24	Auditorio Municipal de Vigo	0.00	2,135.00
PI	Xarope Tulu	A Teteira de Kabul	13-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	560.00	840.00
PA	ETIQUETA NEGRA PRODUCCIONES	Mochila al pasado	18-10-20 24	Auditorio Municipal de Vigo	0.00	3,000.00
PI	Redrum Teatro	Os contos do Lobicán	20-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	871.20	1,306.80
PA	ETIQUETA NEGRA PRODUCCIONES	Go Home	25-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	4,719.00
PA	Antagonista Teatro	Insubmisa	26-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	2,100.00
PI	Joshua Kenneth	Degustación de imposibles	27-10-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	712.00	1,068.00
PA	Sarabela Teatro	O DRAGÓN DE OURO	01-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	4,350.00
PA	Verdeveras Expresións Artísticas	As formas do amor	02-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	3,300.00
PI	Pistacatro Productora de Soños S.L.	OhOlimpiadas!	03-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	117.05	2,472.95
PA	Talía Teatro	UNHA INIMIGA DO POBO	08-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	5,890.00
PA	ButacaZero	O único que verdadeiramente quixen	09-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	2,299.00

Programación	Compañía/Grupo	Espectáculo/Concerto	Data	Lugar	€ AGADIC	€ Prog
		toda a vida é ser delgada				
PI	Zig Zag Danza	Mimesis	10-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,156.50	2,156.50
PI	Zig Zag Danza	Mimesis	10-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	3,234.75	431.30 + 15 % bill.
PA	Redrum Teatro	Hamelin	15-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	4,961.00
PA	TROPONONTROP PO	A noite xusto antes dos bosques	16-11-20 24	Auditorio Municipal de Vigo	0.00	2,178.00
PI	Tropos, teatro de títeres	La ratita presumida	17-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	726.00	1,089.00
PA	Stephanie Maybelle Llyyora	FEMINÍSSIMAS	22-11-20 24	Auditorio Municipal de Vigo	0.00	3,050.00
PA	Fran Sieira-Compañía de danza	CEIB3	23-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	10,015.00
PI	Elefante Elegante	KYOKI	24-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	2,178.00
PA	Teatro do Noroeste	ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA	29-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	5,300.00
PA	PAULA PIER	Eu, Fraude!	30-11-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	0.00	4,477.00
PI	AMARELO	O arcón de Noa	01-12-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,760.00	1,760.00
PI	AMARELO	O arcón de Noa	01-12-20 24	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,640.00	352.00 + 15 % bill.
				Total:	14,405.50 €	86,575.55 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 16 de decembro de 2024 de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- **Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio** que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data pagamento. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 16 de decembro 2024.
- **Informe do responsable da programación** de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio e no seu caso, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- **Copia do material de difusión e promoción** das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación do gasto comprometido neste convenio sexa inferior, a achega económica da Agadic minorarase de forma proporcional.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- O 50% do importe comprometido pola Agadic, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.
- O outro 50% do importe ao remate da programación, unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

SEXTA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso dos asinantes do convenio.

OITAVA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

NOVENA.- MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1 As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2 Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPDP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de

protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

DÉCIMO TERCEIRA.-NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

13(624).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE “PROXECTO PARA MELLORAS NO SANEAMENTO NA CONTORNA DE BALAÍDOS” E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO. EXPTE. 1885/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/08/2024, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 2 de febreiro de 2024 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo da mesma , resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2024 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos**

IV.- Con data 23 de xullo de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos** , redactado pola Enxeñeira de Caminos, Canales e Portos, Raquel Vázquez Seoane, cun orzamento de execución material de DOUCENTOS NOVENTA E CINCO MIL SEISCENTOS DEZ EUROS con TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (295.610,34 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22 xullo de 2024.

V.- Con data 23 de xullo de 2024, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Asistencia técnica á D.O.	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Coordinación de seguridade e saúde	ELE31 S.L.	1.478,05 €
	SUMA	13.302,47 €
	11% Gastos de Xestión	1.463,27 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.765,74 €

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en data 31 de xullo de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración

as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con datas 31 de xullo e 1 de agosto de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos**, redactado pola Enxeñeira de Caminos, Canales e Portos, Raquel Vázquez Seoane, cun orzamento de execución material de DOUCENTOS NOVENTA E CINCO MIL SEISCENTOS DEZ EUROS con TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (295.610,34 EUROS), un orzamento de licitación (IVE excluído) de 351.776,30 € (TRESCENTOS CINCOENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22 xullo de 2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Melloras do saneamento da contorna de Balaídos**, por un importe de 14.765,74 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Asistencia técnica á D.O.	SERYE INGENIEROS S.L.	5.912,21 €
Coordinación de seguridade e saúde	ELE31 S.L.	1.478,05 €
	SUMA	13.302,47 €
	11% Gastos de Xestión	1.463,27 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.765,74 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D^a Juan Sánchez González.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do

prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(625).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DA AVDA. DE MADRID A-55 PP.KK 0+000 A 2+370 T.M DE VIGO -PONTEVEDRA”. EXPTE. 2003/441.

Visto o informe xurídico de data 31/07/2024 e o informe de fiscalización do 06/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2024, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Con data 03.06.2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para o deseño, execución e o financiamento de obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370), sendo posteriormente formalizado por ambas administracións. En virtude do convenio, por parte do Ministerio de Fomento procedeuse á redacción e tramitación do proxecto de execución das referidas obras.

II.- En base as obrigas do convenio, con data 29.05.2019 o Ministerio de Fomento remite copia do proxecto de trazado da “REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)”, presentado pola empresa INECO e redactado polos enxeñeiros D. Pablo Domínguez Gómez e D. Jonás Casquero Cecilio, cun orzamento base de licitación mais IVE de 13.400.494,90 euros, para conformidade ou observacións por parte do Concello de Vigo.

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos informa que o documento técnico presentado recolle proposta de deseño tendo en conta os diferentes condicionantes que afectan ao ámbito de actuación e modulado segundo a incidencia destes sobre os usuarios, considerando que cumpre os obxectivos no entorno, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico asinante do proxecto construtivo; polo que o Concelleiro Delegado da Área



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

de Fomento, en data 16.10.2019 resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

III.- Con data 27.09.2019 subscribiuse unha addenda ao convenio asinado inicialmente pola que se modifica este co obxecto de adaptar o importe total do mesmo ao maior alcance das actuacións previstas inicialmente, modificar a repartición das obrigacións das partes, pasando o Concello de Vigo a licitar e executar as obras, así como ás previsións relativas á contratación dos servizos de asistencia técnica asociados á obra e, por último, reprogramar as anualidades para adaptar a execución das actuacións ao ritmo real das mesmas.

IV.- En data 16.12.2019 remítese pola Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación provisional do proxecto "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370), ditada pola Subdirección Xeral de Conservación, en data 29.11.2019, así como unha copia do proxecto de referencia a fin de que polo Concello se examine e informe no prazo dun mes sobre o trazado e a actuación proposta. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.01.2020, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de 3 de febreiro de 2020.

V.- Con data 15.12.2022, tendo en conta, dunha parte, que a vixencia do convenio finalizaba o 31.12.2022, sen que fora posible prorrogar o mesmo máis alá de xuño de 2024, tempo insuficiente para a licitación e execución da actuación, e, doutra, a aparición de novas necesidades como o incremento dos custos dos materiais que supón un incremento do custo da obra e do importe total da actuación, a Comisión Paritaria de Seguimento do convenio propuxo a liquidación do convenio e a tramitación dun novo convenio que permita a continuación da execución das devanditas obras.

VI.- Agotada a vixencia do convenio inicial sen proceder a súa execución, a Xunta de Goberno Local, en data 30.06.2023, acordou aprobar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións. Exp. 1717/441.

VII.- En data 7 de maio de 2024 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remite ao Concello de Vigo o proxecto de construción "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA" con sinatura dixital de data 07/05/24 e con un orzamento de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), aprobado provisionalmente pola Administración do Estado, tras o trámite de información pública, solicitando informe municipal en relación a dita actuación. O proxecto construtivo figura incorporado ao expediente con data 9 de maio de 2024 e foi informado favorablemente pola Comisión Paritaria de Seguimento do convenio referido no antecedente anterior en sesión de 26 de abril de 2024.

VIII.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 30.05.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.05.2024 aprobou o “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024. Expte. 3506-443.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 31.05.2024 que se corresponde co expediente administrativo 3506-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 10 e 11 de xuño de 204.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 11 de xuño de 204.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de xuño de 2024.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 27 de xuño de 2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 27 de xuño de 2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 2 de xullo de 2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 16 e 22 de xullo de 2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de xullo de 2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.04.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA**”, cun orzamento base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), IVE engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	1.770.000,00 €
2025	8.890.000,00 €
2026	5.234.233,40 €
TOTAL	15.894.233,40 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de xullo de 2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.6190091, proxecto de gasto 23153291 (1º ANUALIDADE HUMANIZACIÓN AVD. MADRID) por importe de 1.770.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial dos exercicios 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 1532.6190091, crédito por importe de 8.890.000,00 € e 5.234.233,40 € respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 502,26% e para a terceira anualidade nun 295,72%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do acordo da Mesa Xeral de Negociación de funcionarios do Concello relativo á organización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. Expte. 140045/210.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de actuación artística de "CANTAJUEGO" dentro dos espectáculos de verán "Vigo en Festas 2024". Expte. 10184/335.
- .- Ratificación da Resolución de data 07/08/2024 en relación coa xestión e aproveitamento d4e localizacións para actividades do Nadal durante a Campaña do Nadal: Praza do CC. Vialia e Alameda de Bouzas. Expte. 10597/106.
- .- Nomeamento de funcionarios interinos, 5 auxiliares administrativos por un período de 9 meses, para o Servizo de Benestar Social. Expte. 44719/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(626).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS DO CONCELLO RELATIVO Á ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 140045/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2024, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

Primeiro.- A Mesa Xeral de Negociación de funcionarios do Concello, en sesión extraordinaria de 25 de xuño de 2024, adoptou en relación ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) acordo relativo á Memoria organizativa para o propio servizo en base á proposta presentada a tal efecto polo Oficial Xefe do Corpo e o Xefe da Área de Seguridade en sesión ordinaria da propia Mesa Xeral de 07 de maio de 2024.

O 26 de xuño de 2026 a Secretaria do Goberno Local expide certificación do contido do acordo, que se incorpora como Anexo I.

Incorpórase como Anexo II a acta de 07 de maio de 2024.

Segundo.- O 16 de xullo de 2024 os funcionarios asinantes da presente proposta, no mesmo marco de negociación colectiva sobre materias do SEIS, redactaron proposta de programa de servizos extraordinarios (doc. 240222484) que informado favorablemente polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais forma parte do expediente 44930-220 tramitado pola Área de Recursos Humanos e Formación.

Fundamentos de Dereito

Primeiro.- O acordo da Mesa Xeral en sesión extraordinaria de 25 de xuño de 2024 versa sobre quendas de traballo, horarios, réxime de descansos, dotación diaria óptima e ordinaria, e da comunicación previa á Xefatura do Servizo dos permisos sindicais aos meros efectos da debida garantía da prestación do servizo.

O acordo esténdese así mesmo aos principios reguladores dun programa de servizos extraordinarios de carácter instrumental e excepcional obxecto do expediente 44930-220 tramitado pola Área de Recursos Humanos e Formación.

Segundo.- Resultan aquí de aplicación os arts. 31 a 37 e concordantes do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Os acordos adoptados en Mesa Xeral precisan para a súa validez e eficacia da aprobación expresa e formal dos órganos de goberno das respectivas AAPP.

Cuarto.- A competencia para a aprobación do acordo da Mesa Xeral de funcionarios de 25 de xuño de 2024 corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1 g e 127.2 da Lei 7/1985 de bases do réxime local; Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 22 de xuño de 2023).

En mérito de canto antecede, os funcionarios que suscriben veñen en propoñer á Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

ACORDO

1º.- Aprobar o Acordo da Mesa Xeral de Negociación de funcionarios do Concello, adoptado en sesión extraordinaria de 25 de xuño de 2024, relativa á organización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento que se achega como Anexo I, cos efectos previstos no arts. 38, 1 e 3 e concordantes do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo RDL 5/2015.

2º.- Incorporar ao presente Acordo para debida constancia, a acta da precedente sesión ordinaria da Mesa Xera de Negociación de 07 de maio de 2024, como Anexo II.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(627).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "CANTAJUEGO" DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2024". Expte. 10184/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 09/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/08/2024, asinado pola técnica de Administración xeral e pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Cantajuego" dentro dos espectáculos de verán "Vigo en Festas 2024" (10184-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “CANTAJUEGO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11 de xullo de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 26 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 46.101,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 38.100,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 26 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L.

Terceiro.- O 29 de xullo de 2024, CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 6 de agosto de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 6 de agosto de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de “Cantajuego” dentro dos espectáculos de verán “Vigo en Festas 2024” (10184-335) por un prezo total de 46.101,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.001,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(628).- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DATA 07/08/2024 EN RELACIÓN COA XESTIÓN E APROVEITAMENTO DE LOCALIZACIÓN PARA AS ACTIVIDADES DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL: PRAZA DO CC.VIALIA E ALAMEDA DE BOUZAS. Expte. 10597/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/08/2024, asinado polo enxeñeiro industrial adscrito ao Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro de Area de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Con data 07 de agosto de 2024 o concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu:

“PRIMEIRO - Aprobar o expediente de autorización, en réxime de concorrencia, mediante concurso público, para a autorización de dominio publico para a xestión e aproveitamento de localizacións para as actividades do Nadal durante a Campaña do Nadal: Praza do CC. Vialia e Alameda Suárez Llanos de Bouzas

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas que rexerán o outorgamento da autorización administrativa para a xestión e aproveitamento de localizacións para as actividades do Nadal durante a Campaña do Nadal.

TERCEIRO.- Aprobar a apertura do procedemento de contratación.

CUARTO.- Publicar o anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Perfil do Contratante”.

SEGUNDO.- Con data 07 de agosto de 2024 o secretario xeral do Pleno informa que:

“A DA 2ª.11 da LCSP sinala: «11. En los municipios de gran población a que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las competencias que se describen en los apartados anteriores se ejercerán por la Junta de Gobierno Local, cualquiera que sea el importe del contrato o la duración del mismo.» [eses apartados anteriores falan de “competencia para la celebración de los contratos privados, así como la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial” (DT. 2ª.9) e de “competencia para celebrar contratos privados, la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio”(DT 2ª.10)].



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Pola súa banda o art. 127.1.e) da LBRL indica que “Corresponde a la Junta de Gobierno Local:

e) La concesión de cualquier tipo de licencia, salvo que la legislación sectorial la atribuya expresamente a otro órgano.” Ditas facultades parecen ter sido delegadas por acordo da Xunta de Gobierno Local de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10/07/2024) no Concelleiro delegado na Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas especiais (delegación na actividade administrativa de Comercio) e na Concelleira delegada da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegación na actividade administrativa de Seguridade).

A vista das circunstancias expostas, propónse á Xunta de Gobierno Local a **ratificación** da Resolución do concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais de data 7 de agosto do 2024, co seguinte contido:

PRIMEIRO - Aprobar o expediente de autorización, en réxime de concorrencia, mediante concurso público, para a autorización de dominio público para a xestión e aproveitamento de localizacións para as actividades do Nadal durante a Campaña do Nadal: Praza do CC. Vialia e Alameda Suárez Llanos de Bouzas

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas que rexerán o outorgamento da autorización administrativa para a xestión e aproveitamento de localizacións para as actividades do Nadal durante a Campaña do Nadal.

TERCEIRO.- Aprobar a apertura do procedemento de contratación.

CUARTO.- Publicar o anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Perfil do Contratante.

ACORDO

A Xunta de Gobierno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(629).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS, 5 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS POR UN PERIODO DE 9 MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. Expte. 44719/220.

A Xunta de Gobierno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 09/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/08/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Gobierno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A presente proposta ten por obxecto o nomeamento como persoal funcionario interino por acumulación de tarefas e por un período máximo de nove meses, de 5 auxiliares administrativos/as de administración xeral, logo das peticións realizadas ao efecto pola Área de Benestar Social para o programa de Becas de comedor.

II.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 5 persoas aceptaron o chamamento realizado segundo o disposto nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo e están en condicións de ser nomeadas (trámite 242).

III.- Consta incorporado ao expediente (trámite 249) informe técnico de data 08/08/2024 que inclúe a proposta de gasto e que se transcribe parcialmente nos fundamentos xurídicos do presente informe-proposta.

IV.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**" (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que "los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a

Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de oficial de Instalacións por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 06/08/2024, consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 44719/220 infórmase o seguinte:

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de 4 auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable (en concreto, unha única persoa aspirante seleccionable a partir da data 04/07/2024) así como lista de reserva remitida dende a Xerencia Municipal de Urbanismo no marco do Convenio de colaboración asinado en 17/06/2024 (Expediente 44544-220) vixente e con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- Vista a petición de data 29/07/2024 (trámite 188) remitida pola xefatura da Área de Benestar Social, na que se solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun auxiliar de Administración xeral adicional, en substitución da renuncia de Alexandre Escariz Covelo, contratado temporalmente para atención do Programa de axudas municipais escolares curso 2024-2025.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e co Convenio de colaboración de sinatura dixital 17/06/2024 e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliares de administración xeral, aos candidatos/as que se relaciona a continuación que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

***1881**	FABIÁN JOSÉ	SANTOS VILAS
***7811**	JUAN CARLOS	ARIAS PENAS
***2318**	SONIA	COLLAZO GOMEZ
***7741**	ISABEL	DA SILVA DE CARVALHO
***6266**	CAROLINA	BERSANINO MARTINEZ

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 08/08/2024, en relación coa:

“Cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento de 5 funcionarios interinos por acumulación de tarefas- auxiliares de Administración Xeral” por un período de 9 meses, iniciándose a relación o 12/08/2024, agás erro ou omisión, sería o seguinte:

		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
4 meses e 20 días 2024	Auxiliar	5	51.613,14	18.064,60
4 meses e 11 días 2025			49.238,72	17.233,55

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 e 2025 no que respecta a retribucións por importe de 51.613,14 € e 49.238,72 € respectivamente e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 e 2025 por importe de 18.064,60 € e 17.233,55 € respectivamente.

En canto as retribucións do 2025, efectuose cálculo cun incremento estimado do 2%.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de persoal interino nos seguintes termos e condicións:

- Número e Categoría profesional: 5 auxiliares de administración xeral
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Área de Benestar Social
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 08/08/2024:

O custe de cinco auxiliares de Administración Xeral para o Servizo de Benestar Social por un período de 9 meses, iniciándose a relación o 12/08/2024, agás erro ou omisión, sería o seguinte:

		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
4 meses e 20 días 2024	Auxiliar	5	51.613,14	18.064,60
4 meses e 11 días 2025			49.238,72	17.233,55

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2024 e 2025 no que respecta a retribucións por importe de 51.613,14 € e 49.238,72 € respectivamente e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2024 e 2025 por importe de 18.064,60 € e 17.233,55 € respectivamente.

En canto as retribucións do 2025, efectuouse cálculo cun incremento estimado do 2%.”

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como persoal funcionario interino por acumulación de tarefas para a Área de Benestar Social, con categoría de auxiliares de administración xeral e por un período máximo de nove meses conforme ao disposto no apartado anterior, a:

FABIÁN JOSÉ
JUAN CARLOS

SANTOS VILAS
ARIAS PENAS

DNI ***1881**
DNI ***7811**

S.ord. 09/08/2024

SONIA
ISABEL
CAROLINA

COLLAZO GÓMEZ
DA SILVA DE CARVALHO
BERSANINO MARTÍNEZ

DNI ***2318**
DNI ***7741**
DNI ***6266**

Nomeamento que se realiza de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e co disposto no Convenio de colaboración de data 17/06/2024, asinado co Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo (expediente 44644-220) para a utilización compartida de listas de reserva de persoal interino e temporal.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao persoal nomeado, á xefatura da Área de Benestar Social, Concellería da Área de Política Social e Turismo, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(631).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

JVF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1726/1102

Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez